



Praia de Aguireira



Espíñeirío



Porto de Rianxo, foto de Barbanza Arousa

Quilómetros de beleza

A comarca recupera a enerxía compatibilizando turismo, seguridade e grandes proxectos



Fotos: Antonio Parada



Restauración e posta en valor
Novas axudas para recuperar o esplendor das nosas vilas

9



Visións en 360 graos de terra e mar
Subimos aos miradoiros do Barbanza

10



Seguimos sendo solidarios
Novo e rotundo éxito da andaina de CONGALSA

13



25 de xullo de 2021, **DÍA DE GALICIA**
un día para celebrar todo o que somos o resto dos días.

Unha festa para enmarcar

Ribeira dende o máis alto

O Concello achega rutas guiadas de balde polo Parque de San Roque e até A Pedra da Ra e o Castro da Cidá

Turismo Ribeira puxo en marcha durante este verán un servizo de visitas guiadas gratuítas polo municipio a enclaves naturais: por unha banda, ao Parque Periurbano de San Roque e, pola outra, ao Miradoiro da Pedra da Ra e o Castro da Cidá.

O concelleiro de Turismo Ramón Doval foi o encargado de presentar esta iniciativa acompañado da técnica municipal Sandra Fernández.

No que se refire ás visitas guiadas a San Roque, celebraranse todos os martes de xullo, agosto e setembro. Permitirán a veciños e visitantes adentrarse en tres manifestacións culturais da prehistoria galega como son o megalitismo, a arte rupestre e o castrexo. Desenvolveranse de 11 a 12.30 horas e compoñen un mínimo de 8 persoas apuntadas e un máximo de 15.

No que se refire ás visitas ao miradoiro de Pedra da Ra e o Castro da Cidá, serán os venres de xullo, agosto e setembro, de 11 a 12.30 horas (tamén cun mínimo de 8 e un máximo de 15 persoas).



O concelleiro de Turismo Ramón Doval acompañado da técnica municipal Sandra Fernández

En ambas modalidades as inscricións deberán ter lugar na Oficina de Turismo do porto do Ribeira (que ten horario de 10.30 a 14.00 horas e de 18.00 a 20.30 horas, todos os días menos os martes) ou a través do teléfono 981 873 007 ou o correo electrónico

oficinaturismo@ribeira.gal.

Prestarase servizo de atención personalizada e apoio ás persoas con diversidade funcional, por exemplo para realizar trámites e solicitudes como a reserva dunha determinada visita guiada.

► Dende a Concellería de Turismo lembrouse que tamén están a organizarse viaxes en catamarán a Sálvora, a Ons e pola Ruta do Mexillón, así como as que veñen e van cara a Pontecesures

Nas rutas, o Concello explicou que será preciso que se cumpran en todo intre as medidas de seguridade: uso obrigatorio de máscara e mantemento da distancia de seguridade. Aconséllase o uso de protección solar e calzado cómodo para camiñar pois as visitas percorren camiños de terra.

Dende a Concellería de Turismo lembrouse que tamén que este período estival están a organizarse viaxes en catamarán a Sálvora, a Ons e pola Ruta do Mexillón, así como as que veñen e van cara a Pontecesures (estas últimas, encadradas na iniciativa *Ribeira Fai Camiño, A Orixe*, financiada polo Xacobeo, comezaron o domingo 11 de xuño e inclúen saídas en catamarán dende Pontecesures a Ribeira, todos os mércores e domingos ao longo do verán até primeiros de setembro).

Licitada a renovación das telecomunicacións na Casa do Concello

O Concello de Ribeira licitou unha nova actuación dirixida á renovación e actualización das infraestruturas de telecomunicacións no Consistorio. Esta actuación realízase “como resposta a un uso cada vez máis intensivo das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) polos servizos municipais e por parte da sociedade en xeral”.

A intervención, que se enmarca na Liña 12 da EDUSI Máis Ribeira Atlántica2020, conta cun orzamento base de licitación de 100.000 euros, IVE incluído, e está cofinanciada nun 80% polos fondos FEDER dentro do Programa Operativo

Plurirrexional de Europa (POPE) 2014-2020.

En liñas xerais, a execución recolle accións como a adecuación do Centro de Procesamento de Datos (CPD) ou *Data Center* existente, que se

sitúa na Casa do Concello, co obxectivo de “mellorar a robustez, a fiabilidade e a seguridade do mesmo”; e a reestruturación e renovación do cableado do Consistorio, por medio dunha solución de cablea-

do estruturado que partirá do CPD e que permitirá optimizar o largo de banda e a escalabilidade da rede, así como garantir a flexibilidade e a calidade na xestión. Tamén se contempla a subministración, instalación e cableado de cargadores USB e cargadores sen fíos para dispositivos móbiles nas columnas.



Comeza un obradoiro de emprego centrado en traballos de urbanización

Os Concellos de Ribeira e Porto do Son van desenvolver conxuntamente un obradoiro de emprego centrado en traballos de pavimentado e albanelería de urbanización. A actividade formativa iníciase o vindeiro 9 de agosto e está dirixida a mozos e mozas en situación de desemprego de 18 a 29 anos.

O obradoiro

levará o nome de Serra do Barbanza e contará cunha duración de doce meses nas que 16 mozos e mozas terán a oportunidade de formarse na citada especialidade ao tempo que cobran un soldo.

Para máis información pódese contactar coa Axencia de Desenvolvemento Local (ADL) do Concello de Ribeira, sita na Oficina de Atención Cidadá.

► ACTUALIDADE ► A POBRA DO CARAMIÑAL

Os nosos futuros *cracks* en robótica

Tres equipos de novos *makers* recibiron na Pobra as distincións da FIRST LEGO League Galicia

O pasado 4 de xullo levouse a cabo a entrega de distincións da sétima edición do campionato tecnolóxico FIRST LEGO League Galicia, no que, entre outros, resultaron premiados (coas súas correspondentes medallas, amais dun trofeo e un diploma por grupo) os equipos Robot City Pobra e Robot City Pobra Junior, ambos da ANPA Bandaseca, e Mega Builder Team, de Mega Ribeira.

A liga veu da man da Universidade da Coruña e contou coa participación dun total de 250 mozos e mozas de 34 equipos de toda Galicia que defenderon os seus correspondentes proxectos de robótica.

O alcalde, Xosé Lois Piñeiro (Nós Pobra); a concelleira da Educación, Genoveva Herme (Nós Pobra); e o coordinador da FLL Galicia, o profesor da UDC, José Antonio Becerra Permuy, foron os encargados de efectuar a entrega das distincións na Pobra.

No acto tamén estiveron presentes a presidenta da ANPA Bandaseca, María José Rego, e o profesor que axudou a elaborar tódalas iniciativas, Alberto Cascallar, da academia MEGA Ribeira.

O Robot City Pobra logrou o Premio Deputación da Coruña aos Valores FIRST, cun traballo sobre diabetes e actividade física. A elección desta temática motivouna o feito de que un dos integrantes ten diabetes tipo 1, e no confinamento, a falta de movemento afectou no control da enfermidade. De feito, para a parte técnica deste proxecto contaron co apoio da Asociación de nenas, nenos e xente nova con diabetes (Anedia).

Doutra banda, o Mega Builder Team de Ribeira fíxose co Premio Xunta de Galicia ao Emprendemento cunha proposta que anima a ser máis activos mediante incentivos en comercios e hostalaría.

E o Robot City Pobra Junior levou un premio pola presentación dunha maqueta con elementos de robótica relativos ao deporte.



Itinerario formativo dirixido á xente nova

O 7 de xullo presentouse na Pobra un programa formativo dirixido a fomentar a empregabilidade da xente nova.

Trátase do *Itinerario de cualificación na ocupación de limpeza, conservación e mantemento urbano*, que se vai desenvolver no municipio entre o día 9 de agosto e o 21 de outubro, para o cal ofértanse 12 prazas. Segundo explicou a concelleira do Desenvolvemento Local, Amparo Cerecedo (BNG), este proxecto ten por obxecto o “emprego xuvenil, sobre todo, naqueles concellos onde o saldo demográfico é negativo”.

Esta acción consta dun total de 300 horas lectivas, de luns a venres, en horario de 09.00 a 15.00 horas. Os módulos que o integran son: albanelaría e obra civil, limpeza industrial e urbana, xardinaría, arte urbana, emprendemento e *coaching* (adestramento profesional).

As prácticas desenvolveranse en diferentes lugares do concello que garden relación coas competencias impartidas. Ademais, haberá unha bolsa de participación de 13 euros diarios por xornada de asistencia. Máis datos en apobra.gal.

VIAXES EN VELEIRO

SÁBADOS E DOMINGOS
DO 17 DE XULLO Ó 22 DE AGOSTO

Persoas adultas: 15 €
Menores de 12 anos: 10 €

** Información, reservas e venda de billetes
na oficina do Turismo: Casa Mariñeira
(parque do Castelo)*

Máis info:
www.apobra.gal/turismo
✉ turismo@apobra.gal
☎ 671 090 262 / 687 482 835

Boiro mellora equipamentos e servizos

O Concello impulsou traballos para mellorar o Mercado, o parque infantil da praza de Galicia e a estrada de Cespón a Quinteiro

En Boiro as liñas de actividade para mellorar equipamentos e infraestruturas e crear novos elementos e servizos que melloren o día a día da veciñanza, incluída a súa seguridade, foron en boa medida as grandes protagonistas da tempada estival que chega ao seu punto máis álxido.

En xullo soubemos do remate das obras para a mellora e posta a punto dos espazos de uso común no Mercado Municipal, que se executaron mediante o co-financiamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 e ascenderon a un importe de 48.000 euros. As actuacións incluíron a reforma dun

local para a súa transformación en vestiarios para os praceiros, o acondicionamento dun espazo para a súa conversión en punto de información e atención ao cliente e, tamén, a dotación de pérgolas nos accesos do aparcamento público da praza de Galicia que ten acceso directo ao mercado e dá servizo aos praceiros e persoas usuarias.

Moi preto de alí, na contorna da praza de Galicia, comezaron as obras para instalar unha cuberta con iluminación solar fotovoltaica para o parque infantil da dita praza. A actuación, valorada en 247.740,25 euros, conta co financiamento do Plan Único (POS+) da Deputación. O Goberno local explicou que “esta obra permitirá crear unha cuberta tipo pérgola duns 22x32 metros para que funcione como



abrigo do espazo de xogos e lecer e tamén do espazo contiguo destinado a parada do transporte público”. A estrutura estará formada por pórticos de madeira laminada e o peche da cuberta realizarase a base de láminas de policarbonato celular de 16 milímetros e protección dos raios UV. A cuberta vai contar con iluminación mediante tiras LED e cargadores USB de intemperie en zonas accesíbeis, un sistema que será alimentado mediante paneis solares fotovoltaicos.

Lembrar tamén que o proxecto para dotar de beirarrúas e redes de servizo ao treito que vai de Cespón a Quin-

teiro recibiu o visto e prace definitivo da xunta do Goberno local. Ao abeiro desta iniciativa, executaranse as beirarrúas e servizos da DP-1106 dende Cespón a Quinteiro, incluídos no POS+ Adicional 2021 da Deputación da Coruña.

O Concello aprobou un investimento por importe de 352.555,64 euros do Plan de Obras e Servizos da entidade provincial para levar a cabo esta demanda que o equipo de José Ramón Romero, rexedor boirense, cualifica de “histórica”. O alcalde, precisamente, visitou o lugar no que se proxectan as actuacións.



Boiro: son de mar

www.boiroturismo.gal



CONCELLO DE
BOIRO

Unha avoa comprometida co comercio local

Aparece o tesouro número 10 do xogo de premios impulsado polo Concello de Rianxo

O Concello de Rianxo informou da localización do último dos tesouros que restaba por aparecer ao abeiro da campaña *A Miña Avoa*, posta en marcha polo Goberno local para fortalecer a aposta polo comercio local a través dun convite á busca de vales de compra (busca colectiva no que a propia vila de Rianxo e a súa contorna presentáronse como un mapa de descubrimentos que a veciñanza participante debeu desentrañar). O último dos achados en aparecer foi o número 9, dun total de 10. Foi atopado por Paula Besada Waldomar no muro do Colexio Castelao.

Os días pasados foron albiscadas as restantes tarxetas en diferentes recantos da vila, como por exemplo os bancos da igrexa, o exterior do cemiterio, a contorna da praia de Tanxil ou no monumento á Rianxeira. O tesouro número, o penúltimo en aparecer, 10 foi localizado debaixo dunha pedra a carón das varandas do Mercado Municipal.

Os porqués da proposta

O Concello de Rianxo quixo activar este verán unha proposta lúdica e participativa para dinamizar o comercio local nestes tempos de paulatina recuperación ao tempo que recoñecía e distinguía a implicación das rianxeiras e rianxeiros cos establecementos dos seus veciños e familiares. De aí xurdiu o devandito concurso *A Miña Avoa*, no que participaron máis de 100 negocios locais.

Neles, os participantes puideron obter as pistas que os levasen a atopar un dos moitos tesouros agochados pola vila, que eran vales de compra para o comercio local.

O certame consistiu nun xogo de pistas e descubrimentos, a xeito de reto arqueolóxico. Propúxose unha historia a través dunha antiga publicación na que un entrevistado falaba da súa avoa, unha celebridade da vila que, pola información obtida, era probable que tivese agochado agasallos



por todo o concello, “como facía cos seus regalos de aniversario cando era só un neno”, sinala o entrevistado, que remata o seu diálogo deste xeito: “Foi unha gran avoa, unha gran persoa e sobre todo, unha gran arqueóloga”. No texto ofrécense unha serie de pescudas para a localización dos tesouros.

RedeAberta.gal propón levar Internet de alta velocidade a todas as aldeas

O operador de telecomunicacións galego RedeAberta.gal presentou ao Concello de Rianxo o seu proxecto de rede neutral de fibra óptica para o municipio. Nesta proposta de tecnoloxías avanzadas de telecomunicación contéplase levar a fibra a todas as casas das aldeas do termo municipal.

O obxectivo principal de Rede Aberta é proporcionar ao rural galego, durante os vindeiros anos, a conectividade de tecnoloxía FTTH (fibra até o fogar polas súas siglas en inglés) que asegure nas contornas non urbanas a Internet de alta velocidade, con todas as vantaxes que isto pon en



xogo: máis competitividade das empresas ali asentadas con respecto ás cidades, mellores servizos, máis posibilidade de teletraballo e de teleformación, etc.

Segundo informou o Concello de Rianxo, o proxecto consiste na dotación da rede de fibra óptica propia utilizando diferentes medios e equipamen-

tos, tanto privados como públicos, coa colaboración da Administración local mediante a sinatura dun convenio. “Esta rede permitirá á veciñanza contratar os servizos de fibra con calquera operador, máis o proxecto tenta acadar a implicación das teleoperadoras locais e comarcais, e mesmo promove a creación de

empresas operadoras locais, facilitándolles o coñecemento da experiencia acadada nos casos implantados con éxito”, explicaron dende o Concello, engadindo que a filosofía desta rede está detallada na web da operadora galega (hwww.redeaberta.gal), “unha rede sustentável e respectuosa co medio natural”

Melloras no acceso a Tronco e máis ao camping

A brigada de obras do Concello de Rianxo procedeu estes días ao asfaltado da estrada de acceso á praia de Tronco mellorando o núcleo e tamén os accesos ao Camping de Rianxo.

Estes traballos vanse complementar con outras obras de mellora

na rúa Cordabáns e na zona de Ourolo, Taragoña.

O Concello tamén anunciou que con cargo ao Plan Camiños da Xunta, PEIM, vai realizar axiña os traballos no treito Rianxiño-Barral e a licitación neste verán en Rial-Leiro e nas Barreiras-Taragoña.



Concello saudábel

Porto do Son presenta unha ampla programación deportiva para este verán

O Concello de Porto do Son anunciou a súa programación deportiva para a temporada estival, co obxectivo de cubrir as necesidades de todos os veciños en materia de turismo e deportes. Así, fomentárase a activi-


dade deportiva no termo municipal, autorizaranse actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e fomentárase a creación de asociacións deportivas. Ademais tamén se levará a cabo a promoción de actuacións de nivel turístico no municipio.

As actividades propostas serán

organizadas polo persoal da Concelaría de Turismo e Deportes ou ben en colaboración cos clubs deportivos do municipio, a través da firma dun convenio.

As actividades que se realizarán este verán en Porto do Son agruparán numerosos e diversos deportes. Así, o Concello organizará cinco actividades: o Torneo de Pádel de Porto do Son, entre xullo e agosto; 1ª Xornada de Promoción do Triatlón, o 22 e 29 de xullo e o 5 e 12 de agosto; Open de Tenis de Portosín, o 14 e 15 de agosto; Movida Urbana, entre xullo e agosto; e o Circuito de Andainas de Porto do Son, en xullo agosto e setembro.

Doutra banda atópanse as actividades organizadas polas diferentes entidades deportivas. O Club Punta Salera realizará a Liga de Tenis de Verán de Porto do Son durante xullo e agosto. O A.D.C Arnela a Liga Galega de Orientación en BTT en setembro, o Club Ciclista sonense a Marcha BTT, o Tiro Libre SCQ o Campus de Baloncesto de Porto do Son e o Natural Sport o Campionato de Taekwondo Internacional de Porto do Son. Ademais o Real Club Náutico de Portosín organizará dúas actividades ao longo do verán: as Regatas de Verán Real



Club Náutico de Portosín; e a Escola de Vela de Verán.

Todas estas actividades promovidas polo Concello son provisionais, e levaríanse a cabo en caso de que as circunstancias sanitarias o permitisen. Deste xeito, a programación deportiva desenvolverase en tres núcleos de poboación: Porto do Son, Portosín e Xuño.



Cinco experiencias para descubrir as marabillas do termo municipal



O Concello de Porto do Son presentou máis detalles da súa campaña *Son infinitamente natural*, destinada a fomentar o turismo sustentábel. En concreto, deu a coñecer cinco rutas experienciais a través das que visitantes e turistas poderán explorar recursos con gran potencial.

Os cinco itinerarios agrupan varios lugares que coñecer e levar no recordo en estadias de 1-2 e 2-3 días, creando ademais un suxestivo xogo de palabras co nome do municipio

para personalizar aínda máis cada experiencia individual a través da palabra escrita.

Son Natureza convida a percorrer un patrimonio único en paraxes singulares como o Castro de Baroña, os petróglifos da Gurita ou de Laxe da Sartaña, os muíños de San Tomé, a ponte medieval sobre o río Sieira ou achegarse ao inicio do Camiño de Santiago pola ría de Muros e Noia, en Porto do Son, ou á travesía náutica xacobeá, que ten entre os seus portos de referencia a mariña de Portosín.

Ademais, a campaña recolle diferentes actividades ao aire libre que poden desenvolverse no territorio e que se agrupan en *Son Aventura*: vela, mergullo, surf, windsurf, kitesurf, pesca deportiva, parapente, ciclismo, escalada vertical e sendeirismo local.

Do mesmo xeito, *Son Eterno* condensa unha experiencia máxica para levar no recordo fermosas panorámicas ou a luz do solpor desde case unha ducia de miradoiros ou enclaves emblemáticos do litoral. As

praias da Agueira, Area Longa, As Furnas, o faro Cabeiro, Fonferrón, o monte Enxa e o Tahúme ou o recentemente inaugurado miradoiro de Caamaño, entre outros, son algunhas das paradas obrigadas.

En canto as rutas *Son Mar* e *Son Sabor*, estas son dúas experiencias para vivir cento por cento o vínculo histórico de Porto do Son co mar. A primeira centrouse no oficio e na tradición e a segunda, na degustación dos mellores produtos que cada día se descargan nos portos locais.

A revolución turística do sustentábel

Outes achega propostas de gran interese para coñecer os tesouros locais en bici de montaña ou practicando o sendeirismo

Os distintos proxectos turísticos que está a poñer en marcha o Concello de Outes

teñen unha dirección clara cara as oportunidades detectadas no eido turístico post-pandemia.

A natureza, as actividades ao aire libre, as paisaxes, a demanda de pouca masificación, a interpretación das rutas e o interese en descubrir o patrimonio local son os parámetros nos que a área de Turismo de Outes basea as novas propostas.

Destes obxectivos xorden diversas opcións para coñecer os tesouros de Outes, a pé ou en bicicleta de montaña, como as que citamos a continuación:

- **A Ruta de O Freixo – Tremuzo – Langaño**, percorre espazos de visita como a Igrexa de San Xoán de Sabardes, a Capela de San Bieito, os Petróglifos de Fontemoureira e toda a liña de costa dende a Ponte Langaño ata chegar de volta a O Freixo (Albán, Requeixo, Broña,...)
- **A Ruta do Tambre**, que ascende ata o Monte Castelo e Pedra Serpal para mostrarnos unha das postais mais impresionantes da desembocadura do Tambre e do conxunto da

ría. Achéganos ata a Central do Tambre e remata en Ponte Nafonso, un dos emblemas patrimoniais da comarca.

- **A Ruta dos Carpinteiros cos Pés Mollados**, que se ve enriquecida cunha proposta emocional onde a poboación local será a protagonista no proceso de información da historia sobre a construción de barcos e dun espazo litoral con moitos vestixios destes traballos. O Concello explica que “a posta en valor e recuperación do Estaleiro de Broña que se converterá no primeiro Centro de Interpretación da Carpintería de Ribeira creará un produto turístico totalmente contextualizado co turismo industrial”.
- **As visitas ao patrimonio arqueolóxico**, como son os Petróglifos de Fontemoureira e os Gliptógrifos de A Carballa, espertan un espacial interese entre os visitantes e os propios veciños.

Outes é Camiño e polo tanto o sector do aloxamento e restauración traballan con mellores estándares de calidade para ofrecer uns servizos que axuden a posicionar este Camiño Xacobeo nun referente do bo facer.



Río Tambre



Broña

*andainas
ilustradas*

*visitas
patrimoniais*

en Outes!

**Actividades turismo en Outes
xullo e agosto 2021**

> CAMIÑANDO O NOSO PATRIMONIO A Torre dos Mouros e Fervenzas de San Paio 1 de agosto. Saída ás 9:00h Camiñando cara a Orixe do Concello de Outes 15 de agosto. Saída ás 9:00h Historia e Espiritualidade en Roo 29 de agosto. Saída ás 9:00h	> PETRÓGLIFOS DE FONTEMOUREIRA Saídas nocturnas ás 22:00h Percorridos o 7 e 21 de xullo e o 19 de agosto > GLIPTÓGRIFOS DA CARBALLA Saídas nocturnas ás 22:00h Percorridos o 14 de xullo e o 10 de agosto
> PERCORRENDO O LITORAL. CARPINTEROS COS PÉS MOLLADOS Percorridos o 30 de xullo e o 24 de agosto Saída ás 10:00h > CAMIÑO DE SANTIAGO Andaina pola ruta do Camiño de Santiago. 18 de xullo. Saída ás 8:30h	> INFORMACIÓN Inscripción obrigatoria en turismo@outes.gal Oficina de turismo Náutico do Freixo Horario de 10:00h a 15:00h de martes a domingo

Concello de Outes



Reclamos excelentes

Os nosos concellos ofrecen
múltiples razóns para poñer
rumbo á comarca



Fotos: Antonio Parada



LXXIII Singradura

A esencia dorneira sobrevive

3



Pechando fileiras contra os lumes

O Goberno galego incrementa
efectivos humanos e materiais

13



Arquitectura con selo de calidade

Chegan novos e avanzados
proxectos á comarca

14

► FESTA DA DORNA

Ramón López Martínez ► presidente da Real e Ilustre Cofradía da Dorna

Este ano a Real e Ilustre Cofradía da Dorna volve dar un exemplo de responsabilidade ao manter novamente o groso do programa tradicional de actividades da Festa da Dorna nun *impass*, á espera de tempos menos axitados e máis seguros dende o punto de vista sanitario. Sen embargo, igual que unha camiseta dorneira que se levase ben adentro, o espírito segue presente, tal e como nos recorda o presidente da entidade, Ramón López Martínez.

- Ramón, xa levamos dous anos nos que a Festa da Dorna non pode celebrarse como sería de desexar. Pasóusevos pola cabeza, en algún momento, que sería posíbel sacar adiante o programa tradicional festeiro compatibilizándoo coas medidas de seguridade antiCOVID ou tivestes claro dende o principio a imposibilidade desta fórmula?

- O ano pasado foi cando houbo máis dúbidas, xa que non se sabía moi ben como avanzaba a cousa. Fixéronse varios plans para levar a cabo durante algúns días, con moitas medidas de seguridade. Pero facer o programa tradicional era inviable, loxicamente.

- Foi unha decisión difícil prescindir do programa habitual de actividades polo ben común da seguridade sanitaria? Como o vai levando a directiva? Como o levan as peñas? Que mensaxe vos transmiten?

- Foi difícil, ao principio sobre todo, darnos de conta de que non íamos poder celebrar unha Dorna coma as de sempre. Pero creo que nos soubemos adaptar ben ás circunstancias. Penso que todos coincidimos nesa incertidume de non saber o que poderemos facer e ata cando. Así que as peñas son pacientes.

- Sabemos, iso si, que este ano haberá algún acto simbólico, distanciados e controlados de celebración. En que van consistir estes actos, basicamente?

- Polo momento hai confirmadas actividades tan clásicas coma o Exame de Patróns ou a xa máis que instaurada Ruta de Tapas. Todas elas estarán adaptadas ás medidas de seguridade. Do resto por agora podo dicir que haberá música, evidentemente, e algunha cousiña máis.

- Logo destes destes reveses e destas adversidades, que seguro van afectar ás arcas da Cofradía, hai algunha maneira en que poidamos contribuír cidadáns e visitantes, dorneiros ou non dorneiros, a que a festa sobreviva en futuras edicións?

- Pois en primeiro lugar, facendo máis socias e socios. Iso é algo fundamental. Outra cousa podería ser que merquen a "sudadera Dorneira", que sacamos cada ano, e cousas bonitas que poñemos tamén a vender no *merchandising*.

“O espírito dorneiro está sempre aí, non só nos días da Festa”



V Xuntanza de Embarcacións Tradicionais

O sábado 24 de xullo está previsto que arredor das 12.00 horas se celebre unha xeira mariña nas dornas da Cofradía. Nesta singradura (un asalto ao muelle de Ribeira) participarán embarcacións como o *Jaleón de Carril Illa de Cortegada* da Asociación Rompetimóns e o *Komaira* da AC Komaira, entre outras. A Cofradía informou tamén de que estes días estívose a traballar arreo para poñer a punto A Arrouxada, a dorna trasmalleira de nove cuartas construída en 1996 por Domingo Ayaso, ilustre carpinteiro de ribeira de Aguiño (integrante da cuarta xeración dunha longa tradición familiar de construtores de dornas) que recibiu en 1995 o Premio de Artesanía de Galicia.



►► Polo momento hai confirmadas actividades tan clásicas coma o Exame de Patróns ou a Ruta de Tapas. Todas elas estarán adaptadas ás medidas de seguridade

- Permanece vivo o espírito dorneiro aínda despois dunha situación como a que vivimos este ano e medio e da que, por certo, semella que aínda non dimos saída?

- O espírito dorneiro é algo que está aí sempre, non só nos días da Festa. E aínda que levamos dous anos sen poder desfrutar dunha Dorna coma á que estabamos acostumados, sei que todos temos a esperanza de poder volver facelo moi pronto.

Axenda de “eventos simbólicos”

O equipo da Cofradía da Dorna traballou estes días nunha serie de eventos simbólicos, co gallo de homenaxear a festividade, que coma no pasado ano, non poderá realizarse como de costume debido á pandemia que estamos a vivir.

Entre as cousas confirmadas, haberá unha ruta de

tapas, bautizada como *Estrellas Mijelin*, que este ano chega á súa sétima edición e que durante o día 23 e 24 de xullo terá lugar nos distintos locais hostaleiros da cidade. Un xurado de alto nivel e formado “polo máis selecto da crítica gastronómica” será o encargado de decidir quen elabora as mellores tapas da centenaria.

Por outra banda, tamén informamos que nesta LXXIII singradura dorneira está previsto un concurso de “enjalamiento de casas, comersios e locais da hostalería”, coa finalidade de homenaxear á festa máis rachada e non deixar decaer o ambiente dorneiro, entregaranse varios premios en cada categoría.

Outra das actividades que se mantén, con medidas de distanciamento, é o Exame de Patróns, o 24 de xullo ás



Unha imaxe da festa da Mancomunidade Barbanza Arousa

►► O Exame de Patróns, será o 24 de xullo ás 19.30 horas. Trátase de avaliar as capacidades dorneiras das novas peñas

19.30 horas. Manterase o contido da actividade (trátase de avaliar as capacidades dorneiras das novas peñas por un “moi corruptible xurado”, capacidades tan relevantes e útiles como por exemplo “faser un as de guía con luvas de porteiro”

ou “introducir o bastonsillo da PSR sen soltar unha lághrima”) pero darase unha viraxe ao formato, xa que se apostará por un recinto pechado no malecón de Ribeira para “que a xente poida ver o evento sentadiña e con sentidiño”.

Despedida a Manolo Cores

Este ano a comunidade dorneira estivo de loito polo falecemento en marzo de Manolo Cores, un dos históricos fundadores, en 1948, da xa mítica irmandade festeira e cultural: a Real e Ilustre Cofradía da Dorna. Cores, que faleceu a idade de 93 anos, non só formou parte da primeira tripulación que fixo posíbel o evento festivo de cada mes de xullo (que comezou sendo unha iniciativa solidaria, para axudar aos mariñeiros

que non contaban con recursos para dispoñer dunha dorna propia), senón que se implicou até o final no impulso de todo o que tivese relación coa cultura dorneira. Manolo era o último representantes do grupo de amigos que puxo en marcha a dita iniciativa.

Na edición deste ano, o seu espírito estará ben presente en todas e cada unha das actividades.



Rematamos coas fermosas palabras que lle adicou Antón Luaces en obarbanza.gal:

“Manolo Cores navega agora nunha imaxinaria dorna de nome Virxe do Carme, que os cofrades da Dorna, pertencentes á Orde da Poutada, orientarán nos mares de nubes dende o cofiño de proa para que na nova dimensión a vida lle compense de canto nesta de Ribeira fixo de ben polos seus concidadáns. Ata nos ver, benquerido Cores, de nome Manolo. Descansa en paz, vello amigo”.



AXENDA DE VERÁN ► RIBEIRA


Fiesta da Cultura, máis e mellor

A axenda de Ribeira vén este verán con máis de trinta citas para marcar no calendario

A cultura vai ser unha das grandes protagonistas deste verán na comarca do Barbanza. Un exemplo modélico é Ribeira, que dará acollida a máis de trinta espectáculos ao abeiro da Fiesta da Cultura. Será unha axenda descentralizada, diversa, segura e para todas as idades. O ciclo abranguerá os meses de xullo, agosto e setembro. En total, haberá 34 citas culturais percorrerán os diferentes recunchos do termo municipal, entre as que se contan 15 concertos de Rúas Musicais. A continuación damos conta dos que aínda estamos a tempo de desfrutar.

...XULLO (segunda metade)

- **Exposición *Momentos para a creatividade***, de Joaquín Cortés Laíño. Ata o 31 de xullo no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira. Horario: De luns a venres de 10 a 14 h e de 19 a 21 h e sábados de 12 a 14 h.



- **Concerto Eterno Combate**, de Son-DaRúa. Día da Dorna, sábado 24. Paseo do Malecón, ás 22:15 h.
- **Noites de Autocine: *Copito de Neve***. Venres 30. Aparcadoiro do Pavillón de Sirves - Olveira, ás 22:15 h.
- **VII Festival Ri Beira: Teatro *Dous no Camiño***, de Fran Rei e Isabel Risco. Sábado 31. Praza de Porta do Sol, ás 22:15 h.

...AGOSTO

- **Exposición *Estirpe de Poseidón***, de Carlos Pereira. Inauguración, venres 6 de agosto ás 21 h –ata o 4 de setembro- Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira. Horario: De luns a venres de 10 a 14 h e de 19 a 21 h e sábados de 12 a 14 h.
- **Noites de Autocine: *A Illa das Mentiras***. Venres 6 de agosto. Porto de Aguiño, ás 22:15 h.



- **A Árbore das Músicas**: Xogos de habilidade, música, espectáculos infantís, reparto de granizados, inchables, festa da escuma, etc. Venres 6 de agosto. Praza do Concello, de 11:30 a 14:00 h e de 18:30 a 21:00 h.
- **Concerto: *Palabras de un desconocido***, concerto de Javi Maneiro. Venres 6 de agosto. Paseo do Malecón, ás 22:15 h.



- **Espectáculo de danza: *Demente***, da compañía de danza Fran Sieira. Sábado 7 de agosto. Paseo do Malecón, ás 22:15 h.
- **Noites de Autocine: *Mascotas 2***. Venres 13 de agosto. Aparcadoiro grande - Corrubedo, ás 22:15.
- **O Paroleiro, *Contacontos de Pablísimo***. Sábado 14 de agosto. Pista deportiva do Porto de Palmeira, ás 20:30 h. Patrocina: Programa Ler Conta Moito.

- **VII Festival Ri Beira: Maxia *O Gran Braulio***. Sábado 14 de agosto. Praza de Porta do Sol, ás 22:15 h.
- **Noites de Autocine: *Sonic a Película***. Venres 20 de agosto. Exterior do Centro Social de Oleiros, ás 22:15 h.
- **VII Festival Ri Beira: Maxia *Un par de dous***, con Martín Camiña e Fani Triana. Sábado 21 de agosto. Paseo do Malecón, ás 22:15 h.
- **Noites de Autocine: *A Familia Adams***. Venres 27 de agosto. Aparcadoiro Punta do Castro - Castiñeiras, ás 22:15 h.
- **VII Festival Ri Beira: Teatro *A tropa do doutor Milagre***, de Inventi Teatro. Sábado 28 de agosto. Paseo do Malecón ou Porta do Sol, ás 22:15 h.

...SETEMBRO

- **Noites de Autocine: *Meigallo***. Venres 3 de setembro. Campo da Festa - Carreira, ás 22:15 h.
- **I Festa da Alegría**. Sábado 4 e domingo 5 de setembro.

- **Exposición *Noir et Blank***, de Veiras Manteiga. Do 10 de setembro ao 9 de outubro. Centro Cultural Lustres Rivas. Horario: De luns a venres de 10 a 14 h e de 19 a 21 h e sábados de 12 a 14.
- **VII Festival Ri Beira: Humor e malabares, *Abracadaver***, de Assircopatas. Venres 10 de setembro. Praza de Porta do Sol, ás 20:15 h.
- **Espectáculo *Andar aos biosbardos, Contacontos de Charo Pita***. Sábado 14 de setembro. Praza de Porta do Sol, ás 20:15 h. Patrocina: Programa Ler Conta Moito.
- **Concertos de Mikel Erentxun e Monolious Dop**. Sábado 11 de setembro. Paseo do Malecón ou Praza de España, ás 22:15 h.

Nota: parte das actividades previstas poden ser canceladas pola situación sanitaria. Máis info: obarbanza.gal

Nova edición das Rúas Musicais, rock dende aquí



O programa Rúas Musicais, impulsado polo Concello de Ribeira e Musieventos, ten o obxectivo de mostrar e reivindicar o talento das bandas locais a través dunha completa axenda de 16 concertos nas nove parroquias do termo municipal. As sesións comezaron en xuño con Blow e proseguiron a comezos de xullo con Human, Concierto Descaro e Aliaxe, para continuar logo da man de Milindros (25 de xullo en Carreira), Os Bugis

(1 de agosto en Palmeira), Recambios Tucho (7 de agosto no Garcia Bayón), SabeDlasnotas (8 de agosto no Malecón), La Banda de Luke el Bala Perdida (14 de agosto na Ameixida), Leite con Jalletas (15 de agosto en Corrubedo), Os Jabris (22 de agosto en Castiñeiras), Karma (29 de agosto en Olveira) Espazo en Branco (5 de setembro en Oleiros) e Rockolas (12 de setembro na praza de Compostela de Ribeira).

Boiro capital creativa

O Concello achega un mes de xullo cargado de espectáculos para a toda a familia

Os Concellos da nosa comarca fixeron este verán un esforzo grande en dous ámbitos que se complementan: por unha banda, dando a forma a completas axendas culturais con mancheas de espectáculos descentralizados, diversos e para todos os públicos, e pola outra, complementando a axenda cun estrito protocolo de seguridade para evitar contaxios. Un caso exemplar é o de Boiro, que compartiu con nós a súa axenda cultura para este mes de xullo: unha axenda moi coidada tanto a nivel de propostas como a nivel de medidas anti-COVID.

Coma todas as restantes axendas dos nosos Concellos, as actividades fixadas están suxeitas aos cambios que sexan requiridos pola situación sanitaria, que, mentres este texto collía forma, seguía a ser incerta na nosa comarca.

• **Galego Maxia, a cargo de Dani Polo.** O día 15 de xullo na praza da Terceira Idade, a partir das 21.00 horas. Dani Polo é un máis que prometedor mago e ilusionista de Melide que recibiu estes anos unha chea de premios internacionais. Dani Polo está considerado como un dos magos con máis proxección dentro do panorama galego e estatal e é avalado polos seus numerosos recoñecementos.



• **Ballet con Aroña.** Sábado 17 de xuño ás 21.30 horas. No Parque da Cachada. O Grupo de Baile Tradicional de Aroña (Boiro) leva máis de 30 anos de actividade (dende 1987) reivindicando a nosa cultura e protexendo a nosa danza tradicional. Achega clases de ballet, baile galego, pandeireta e gaita.

• **Presentación do libro Os traballos de Hércules, do escritor local Alberto Piñeiro.** Será o martes 20 de xullo ás 20.30 horas, no Centro Social de Boiro.



• **Espectáculo Superharte** de Patty Diphusa. O mércores 21 de xullo ás 12.00 horas no esteiro do río Cororío. Patty Diphusa é unha *Hartista*, con h maiúscula e o día 21 traerá a Boiro un pouco de *Harte*, e moito de *Hamor*. Durante 50 minutos Patty tentará chegar ao máis alto, literalmente, empregando para iso todas as habilidades ao seu alcance: bailando, trepando, inchando globos e incluso meténdose dentro deles,




• **Espectáculo Historias para derreter cera,** de Alba grande. O venres 23 de xullo ás 21.00 horas no muíño do río Breiro. Trátase dun contacontos oficiado pola narradora Alba Grande, de 45 minutos de duración e dirixido a un público familiar. Cántanos a historia dunha xograresa que chega co seu pandeiro coma unha ilusionista de verbas e cántigas, para contar historias de lumes pequenos e grandes, de fragas e paxaros, de serpes e mulleres. O espectáculo inclúe música, cancións e escenas de monicreques creados con obxectos. É unha proposta que reivindica o respecto pola diversidade e o medio ambiente.

• **Espectáculo Cando os animais cantaban,** a cargo de Tres Pesos. O venres 23 de xullo ás 22.00 horas na praza da Terceira Idade. De 75 minutos de duración, é unha cita musical de *folk-trad* con tres instrumentistas e narradores: Felisa Segade (voz e percusións tradicionais), Estevo Lamas (acordeón, voz e percusións tradicionais) e José Antonio Ferreira (Pepe de Calo, gaita, clarinete, voz e percusións tradicionais). É unha homenaxe á “música como necesidade vital do ser”, a través dunha proposta de directo potente, fresco e variado.



• **Contacontos Raposadas,** de Raquel Queizás. O sábado 24 de xullo ás 12.00 horas, na praza da Terceira Idade. A narradora e escritora Raquel Queizás cóntanos neste espectáculo a historia dunha raposa moi intelixente e curiosa, á que lle gusta vivir libre no monte mais tamén achegarse á aldea para ver xogar ás nenas e aos nenos e escoitar os contos

que lles contan na lareira. Trátase “dunha colleita de contos populares de animais de tradición oral da nosa terra, que alimentaron, alimentan e alimentarán a moitas nenas e a moitos nenos galegos”.



• **Carman, Antes es Mejor,** de Javier Ariza. O luns 26 de xullo ás 21.30 horas, na praza de Galicia. A partir do seu espectáculo *Antes es Mejor*, Javier Ariza realiza unha revisión e redirección integral con *Carman*, unha comedia rueira cun excéntrico *showman* e un Seat 600 cheo de sorpresas.



• **Espectáculo Cinema Marabillas,** a cargo de Raquel Queizás. O venres 30 de xullo ás 22.00 horas na igrexa do Carme de Cabo de Cruz. Cinema Marabillas é unha homenaxe ás primeiras adaptacións cinematográficas inspiradas nos contos maravillosos e nos libros clásicos da literatura. O obxectivo é “facelhes ver ás crianzas e as súas familias que esas historias que coñecen poden contarse de diferentes maneiras. Que descubran que o cine mudo é unha expresión que pode resultar moi divertida”.

Nota: parte das actividades previstas poden ser canceladas pola situación sanitaria.

Máis info: obarbanza.gal

▶ AXENDA DE VERÁN ▶ A POBRA DO CARAMIÑAL

Axenda en compás de espera

Na Pobra agárdase que prosigan as actividades malia as cancelacións deste mes de xullo

Malia que unha boa parte das actividades culturais previstas polo Concello da Pobra do Caramiñal tiveron que ser canceladas polo Goberno local este mes de xullo (incluída a Semana do Mar, a Feira Mariñeira, as festas do Carme do Castelo, parte das citas musicais do Sons da Vila, etc) para garantir ao máximo a seguridade de veciños e visitantes, a previsión é que se poida retomar a programación na recta final de mes, aínda que iso si, terase en conta en todo intre a evolución da situación marcada pola COVID-19.



En concreto, o pronóstico é que a Área da Cultura da Pobra poida retomar dentro duns días o programa *Verán Cultural*, sempre e cando a situación epidemiolóxica así o permita. As citas restantes (repartidas entre xullo e agosto) transcorrerán a partir das 20.30 horas, no Cantón da Leña, agás o do día 5 de agosto, que será pola praia e rúas. Se todo vai como debера e se consegue frear a curva de

contaxios, o programa *Verán Cultural* regresará o 27 de xullo co espectáculo *A feira das linguas* con Lydia Botana, e o 29 de xullo será a quenda de *Apuntando ó corazón*, a cargo de Moc Moc-Saltimbanqui.

Xa no mes de agosto, Isla LeTriska recalará no día 3 con *LeTriska Inmobile*. No 5 de agosto, Educateatro trasladará ó municipio o seu *Paseo Xurásico*. O día 10 o protagonista será Cé Orquestra Pantasma, coa historia da pequena Xoana e o espectáculo *A voar*. Dous días máis tarde, o 12, recalarán na Pobra os Assircópatas con *Abracadaver*. Amais, Teatro Calavera traerá, no 17 de agosto, *Palma repalma*. Finalmente, no 19 de agosto chegará *O mega aniversario...* de La Guagua.

Nota: parte das actividades previstas poden ser canceladas pola situación sanitaria.
Máis info: obarbanza.gal



Baile e deporte para a rapazada

A Concillería dos Deportes da Pobra do Caramiñal, da cal é titular a

edil Genoveva Hermo, presentou unha nova actividade que fusiona o baile e a actividade física

baixo o nome *Móvete bailando*.

Dirixida a rapazada de entre 7 e 12 anos, esta proposta impartirase os luns e mércores, en horario de 11.00 a 12.00 horas, nas pistas deportivas Raquel Fernández Soler. As persoas interesadas poden solicitar máis información e formalizar as inscricións na oficina de Deportes do Concello, situada na casa da cultura e xuventude, co teléfono de contacto 981 831 545.



Os Sons da Vila poderían volver a finais de xullo

Se ben a programación do festival Sons da Vila non puido coller altura como os seareiros agardaban (tiveron que ser cancelados os concertos de mediados de xullo), a previsión é que a música volva na recta final de mes con Mar Davila Trío (día 28, Xardíns de Valle-Inclán).

As actuacións continuarán en agosto da seguinte maneira: Sr. Salvaje (día 5, Xardíns de Valle-Inclán); Caras B (día 6, praza de Maura); Alba & Loren (día 8, rúa Unión/Cantón da Leña); Os Bar Ban Sónicos (día 11, rúa Unión/praza

de Maura); Concierto Descaro (día 19, rúa Unión/praza de Maura); Amoenus (día 20, praia da Illa); Human (día 22, Xardíns de Valle-Inclán); Mar Davila Trío (día 25, Xardíns de Valle-Inclán); Culpables (día 26, praza Victoriano García Martí); e Os Bugis (día 27, praza de Maura).

Este evento concluirá no mes de setembro con Caras B (día 3, Xardíns de Valle-Inclán) e Adolfo FH (día 10, praza Paulino Santos).

Tódalas sesións comezarán ás 21.00 horas, agás na xornada do 21 de xuño, que será ás 13.00 horas.

Cachiporras de pau de laranxo

Rianxo será novamente capital internacional cos monicreques coa sexta edición de Titiriberia

A Asociación Cultural Morreu e o Concello de Rianxo organizan este verán a sexta edición do Festival Titiriberia, impulsado co apoio de Cultura da Deputación da Coruña e inserido na programación municipal de actividades de verán. Segundo se fixo saber, a nova edición rianxeira do certame internacional de monicreques tradicionais vai-se celebrar entre os días 20 e 24 de xullo. Será un programa de espectáculos diverso e, sobre todo, descentralizado, con presenza en moi diferentes localizacións do territorio rianxeiro (haberá actividades en seis parroquias do concello). O festival celebrarase



baixo un epígrafe que é unha homenaxe á vila que o acolleu: *Cachiporras de pau de laranxo!*

Moitos dos detalles da nova convocatoria xa se poden consultar na web titiriberia.com.

A reserva previa para os espectáculos cómpre facela en concelloderianxo.gal/reservas.

Amais, haberá outras actividades e obradoiros dirixidos á rapazada que está a participar

no Campamento de Verán.

As sesións comezarán o martes 20 da man de *Dona Barriga Verde* a cargo de Larraitz Prod Art (ás 21.00 horas na pista do Centro Cultural Vicente Vidal de Leiro) e proseguirán ao día seguinte, 21 de xullo, con *Sidulfo e o Diaño*, a cargo de Trécola (ás 12.00 horas no parque do Souto Isorna, e se chove na Casa da República) e as *Varietés do animalario* a cargo de Paporrubio (ás 21.00 no Centro Sociocultural A Capela do Araño).

O xoves será a quenda da mesa redonda *Títeres e medios. Unha relación inexistente, con Comba Campoi* (no Pazo de Rianxiño, ás 20.00 horas).

O venres 23 desenvolveranse os espectáculos *Vacacións no mar* a cargo de Mircromina (ás 12.00 no Parque de Santa Lucía en Asados), *Maldita Máscara*, de Indignati (ás 20.30 no Pazo de Rianxiño) e *As Varietés de Barriga Verde* (música e actuacións, no patio do CEIP Castelaio ás 23.00).

O sábado será a quenda dos *Retrocuentos* de La Fábrica Fantástica (ás 12.00 horas no Auditorio de Rianxo) e da *Feira das Sementes* (ás 21.00 horas no Pazo de Rianxiño) a cargo de Babaluva. Os diferentes espectáculos complementaranse con exposicións e obradoiros de monicreques e de teatro de máscaras para a rapazada.

Nota: parte das actividades previstas poden ser canceladas pola situación sanitaria. Máis info: obarbanza.gal

Cita coa tradición musical galega da man de Óscar Ibáñez & Tribo



O vindeiro sábado 24 de xullo, ás 22.30 h, Óscar Ibáñez & Tribo chegarán un concerto en Rianxo, no exterior do CEIP Castelaio.

O músico e profesor Óscar Ibáñez, nado en Pontevedra no 1976, é a día de hoxe un referente da gaita galega e, tamén, da investigación e posta

en valor da nosa tradición musical.

Na actualidade está a presentar a súa nova proposta musical Oscar Ibáñez & Tribo, formada por músicos galegos de recoñecida traxectoria como Fernando Fraga, Harry Price, Carlos Calviño, Paco Dicenta ou Andrés Vilán, coa que actuou en Galicia, Cantabria, Cataluña, Madrid,

Canarias e Breñaña.

Volvendo ao concerto de Rianxo, trátase dunha actividade enmarcada no programa Noites Folc do Verán Cultural 2021 e abeirada á Rede Cultural 2021. As persoas interesadas en acudir deberán reservar a localidade na web do Concello de Rianxo, ata o xoves 22 de xullo ás 12:00 h.

Rianxo, capital do jazz

Rianxo estará novamente no punto de mira dos seareiros do jazz, da man do Concello. O motivo? A celebración da quinta edición do Festival Noites de Jazz de Rianxo. Os concertos comezan o 4 de agosto coa actuación do Miro Lamas Quartet e proseguen ao día seguinte, 5 de agosto, da man do Valentín Caamaño Quartet. O venres 6 de agosto será a quenda de Volando Libre e o sábado 7 de Havana Soul. Estas actuacións complementaranse coa mostra *Trazos de Jazz*, a *Visión de Matisse*. Será no Auditorio de Rianxo, do 2 ao 22 de agosto.



Máis citas para marcar no calendario

- **Feira do Libro.** Do 22 ao 25 de xullo no Campo de Arriba de Rianxo. Máis datos en librarias.org.
- **Espectáculo *Tempos modernos*.** Sábado 31 de xullo. No exterior do CEIP Castelaio. Trátase dunha cita musical, artística e humorística con Duarte Galbán e Xosé Antonio Touriñán.
- **Festival Rock in Rian.** O vindeiro 14 de agosto volverá o festival Rock in Rian 2021 en Rianxo. Haberá obradoiros de arte e música, así como un roteiro literario e as actuacións propias do Rock in Rian: Batukabras, Satenta, TecorSocietário, Orquesta Nervaloura e La Duendóneta. Antes desta data, o venres 13 de agosto terá lugar a ruta de tapas a partir das 19:30 e o Rock in Fantil ás 20:30.

▶ AXENDA DE VERÁN ▶ DODRO - LOUSAME - OUTES

A axenda estival de Dodro inclúe homenaxes a Rosalía, música e xogos e contacontos

O verán de Dodro será novamente un verán participativo, creativo, saudábel e diverso, cun programa de actividades que conxuga axeitadamente a traballo dinamizador e cultural co seguridade sanitaria. A axenda collerá terá un dos seus grandes fitos o 24 de xullo, a partir das 16.00 horas no Agro das Silvas (Dodro), co acontecemento cultural *Inchadiña Branca Vela* (homenaxe a Rosalía de Castro). Organizado polo Departamento de Cultura, incluírá a recepción do desfile fluvial de dornas tradicionais dende Vilarello – Cordeiro (Valga) até o paseo do Espolón, en Padrón, “imitando a aquelas embarcacións que Rosalía plasmou e homenaxeou en *Cantares Gallegos*).



O día 21 de agosto celebrárase o espectáculo *A eira do Paporrubio*, con xogos de temática agraria, música e monicreques para público familiar. Inserida no programa da Rede Cultural da Deputación, desenvolverase en dúas quendas: de 11.00 a 13.00

horas e de 16.00 a 18.00 horas. Será no Campo do Bosque (Dodro). Organiza o Departamento de Cultura.

O 25 de setembro está programado o Festival 2021 Concerto de Cas Berlai (Trío), tamén da Rede Cultural da Deputación. Será ás 22.00 horas en Manselle. Organiza Cultura de Dodro.



A axenda rematará o 29 de setembro con *Aventuras dunha toupa arqueóloga*, contacontos para público infantil e familiar (de 3 a 8 anos). Celebrárase ás 17.30 horas, na Casa da Cultura de Dodro.



Inchadiña Branca Vela. Foto: Pontecesures.net

Nota: parte das actividades previstas poden ser canceladas pola situación sanitaria.

Máis info: obarbanza.gal

En Lousame, campamentos e formación divertida



En Lousame están activos estes días os campamentos de Verán Activo 2021, nos que participan medio centenar de nenas e nenos baixo as máis estritas medidas de seguridade e control sanitario, acompañados do voluntariado local e dos técnicos municipais de Deportes, Voluntariado e Cultura. O abano de actividades desenvolvidas foi ben amplo e

incluíu xogos acuáticos na Piscina Municipal, rutas de sendeirismo, xogos populares, campionatos de videoxogos e de waterpolo e mesmo unha viaxe imaxinaria a Turquía, na que contan con dúas guías expertas neste país: Ebru Karaca e Dilara Güven, as dúas voluntarias turcas chegadas a través do proxecto europeo *Actividades interxeracionais de voluntariado*, que tamén colabo-

ran no desenvolvemento destes campamentos.

Por certo que Ebru Karaca e Dilara Güven serán tamén as responsábeis dun curso de balde de actividades de tempo libre en inglés a disposición da rapazada de Lousame. As sesións desenvolveranse no exterior do local social do Sanguinhal (Tállara) no mes de agosto en horario de 10:30 a 13:30 horas (se chovese, ocupárase o propio local). Haberá tres quendas: nenos/as de 5 a 6 anos (3, 4, 5 e 6 de agosto), nenos/as de 7 a 9 anos (17, 18, 19 e 20 de agosto) e nenos/as de máis de 10 anos (24, 25, 26 e 27 de agosto). As inscricións poden formalizarse até o 23 de xullo en www.bandoticket.com. Haberá 15 prazas dispoñibles por quenda, que serán adxudicadas por orde de inscrición.

Outes, un territorio para percorrer

A actividade cultural de Outes terá o foco posto nos incalculábeis tesouros turísticos do concello e na importancia de dalos a coñecer. A axenda inclúe roteiros (*Camiñando o noso territorio*) con andainas colectivas á Torre dos Mouros e as Fervenzas de San Paio (o día 1 de agosto con saída ás 9.00 horas), aos principais núcleos históricos de Outes (o 15 de agosto con saída ás 9.00) e ao patrimonio cultural, espiritual e medio ambiental de Cruceiro de Roo (o 29 de agosto con saída ás 9.00).

Tamén haberá saídas nocturnas (ás 22.00 horas)



Ponte do Ruso

cara aos petróglifos de Fontemoureira (percorridos o 7 e o 21 de xullo e o 19 de agosto) e aos criptóglifos da Carballa (o 14 de xullo e o 10 de agosto). Outra das grandes propostas é unha ruta pola tradición carpinteiro-naval de Outes: a actividade *Percorrendo o litoral. Carpinteiros cos pés mollados*. Inclúense visitas o

30 de xullo e o 24 de agosto. Saídas ás 10.00. O programa complétase cunha andaina pola ruta do Camiño de Santiago, o 18 de xullo con saída ás 8.30 horas.

Máis información en turismo@outes.gal e na Oficina de Turismo do Náutico do Freixo (en horario de 10.00 a 15.00 horas de martes a domingo).

FESTIVAL NOITES DE JAZZ RIANXO 2021



MÉRCORES 4 AGOSTO

MIRO LAMAS QUARTET

XOVES 5 AGOSTO

VALENTÍN CAAMAÑO QUARTET

VENRES 6 AGOSTO

VOLANDO LIBRE

SÁBADO 7 AGOSTO

HAVANA SOUL



EXPOSICIÓN: TRAZOS DE JAZZ, A VISIÓN DE MATISSE

Edición facsimilar do libro de artista Jazz, de Henri Matisse

Centro Sociocultural-Auditorio de Rianxo, DO 2 AO 22 DE AGOSTO

Condicións de reserva e medidas CIVID en: <https://concelloderianxo.gal/es/verancultural2021>



AXENDA DE VERÁN ► PORTO DO SON - NOIA

Porto do Son voa alto

O Concello achegou unha manchea de actividades estivais, algunhas das cales poden sufrir cambios en función da situación epidemiolóxica

Sempre e cando a situación epidemiolóxica se mantéña estábel, este que ofrecemos sería o programa de actividades culturais de Porto do Son para este mes de xullo. O Concello (área de Cultura) fixo fincapé nunha axenda para todas as idades e con moi variadas vertentes creativas.

- 17 de xullo. **Sesión Vermú con Os Buguis** na praza do Curro de Portosín.
- 18 de xullo: **Sesión Vermú con DJ Geno** en Porto do Son
- 19 de xullo: **Sesión de contacontos** con Pedro Brandariz. *Contos e outras andrómenas*. Dinamo Producións. Programa Cultura no Camiño da Xunta de Galicia.



- 20 de xullo: **Sesión de contos: U-la Lúa?**. Ás 12.00 horas na Axencia de Lectura de Portosín. Programa *Ler conta moito* da Xunta.
- 21 de xullo. **Teatro ao Cubo. GHOP! Urdime**. Programa Cultura no Camiño. Praza de España ás 12.00 horas.
- 22 de xullo. **Contacontos A Nube Animación**, a cargo da Asociación Lucense de Tempo Libre na Axencia de Lectura de San Pedro de Muro, ás 17.00 horas. Programa *Ler conta moito* da Xunta.
- 23 de xullo. **Narci Rodríguez Showcase**. Seispes Producións Creativas. Rede Cultural da Deputación.
- 24 de xullo. **Sesión Vermú con Raíces Flamencas**. Na praza do Curro de Portosín.
- 25 de xullo. **Concerto de Andrea Pousa**. Programa Xacobeo da Xunta. Praza de España de Porto do Son.

- 26 de xullo. **Contacontos Xogando coa Música**. Con Esperanza Mara (EmanArte). Programa *Ler conta moito* da Xunta.



- 27 de xullo. **Contos Aquelando as Nosas Letras con Xela**. Na Axencia de Lectura de Portosín ás 12.00 horas. Programa *Ler conta moito*.
- 28 de xullo. **Fantoches Baj**. Os *Romeiros do Caracol*. Na praza do Curro de Portosín ás 12.00 horas. Cultura no Camiño.
- 29 de xullo. **A Nube Animación. E ti quen es, logo ou galiña?** Na Axencia de Lectura de San Pedro de Muro, ás 17.00 horas. *Ler conta moito*.
- 29 de xullo. **Sesión Vermú con Rockolas**, en Porto do Son.
- 31 de xullo. **Ás 22.00 horas. Errantes de Troula Animación**. Rede Cultural da Deputación.
- **Todo o mes de xullo. Exposición de pinturas de Jesús Costa, C. Beiro e Rosana Calvo**. Na sala de exposicións da Casa de Cultura de Porto do Son.



Noia acolle o 31 de xullo o concurso Bandas de Rap

O vindeiro 31 de xullo Noia será un escenario de primeira para a música xuvenil, a creatividade urbana e o talento improvisador ante os micrófonos. O motivo? A celebración do concurso Bandas de Rap, que se celebra a partir das 12.00 horas no malecón de San Lázaro e que ten continuidade pola noite, ás 22.00 horas, cun concerto da banda local Monoulous DOP.

- **Vilancicos Galegos dos séculos XVII e XVIII**, co grupo Vox Stellae e coa dirección de Luis Martínez. O venres 30 de xullo ás 21.00 horas na igrexa de San Martiño. Para asistir, cómpre solicitar convite en programacion-concello denoia@gmail.com.
- **Certame de Pintura ao Aire Libre** Juan José Fernández Leiceaga (Sesé). O sábado 31 de xullo.

Nova edición do Noia Harp Fest

O Noia Harp Fest, o único acontecemento musical e divulgativo centrado na cultura *arpística* dentro do noroeste ibérico, vai celebrar a súa sétima edición entre o 4 e o 6 de agosto. Noia converterase novamente nun punto de encontro para músicos de toda Europa e América, procedentes de Italia, Bretaña, Lituania, Francia, Paraguai, Galicia, Euskadi, Cataluña e Andalucía. Acudirán artistas tan sobranceiros como a italiana Marianne Gubri, o bretón Tristan le Govic (en formato trío), a andaluza Ana Crisman e agrupacións como a banda vasca Basabi. Por estilos, o abano de proposta promete ser amplo e variado (música clásica, folk, flamenco, vangarda), malia ser a arpa o nexo común das contribucións.

Noia Harp Fest incorpora este ano un novo escenario a ceo aberto, os xardíns da Central Hidroeléctrica do Tambre, que se suma ao habitual da praza do Tapal; mentres que Santa María A Nova acollerá os obradoiros de arpa. Máis datos en www.noiaharpfest.gal.



Outras citas noiesas para marcar no calendario

- **Contacontos, inchables e circo**. Con Anxo Moure (o día 21 ás 20.00 horas no antigo Campo da Feira), con Marcelo Dobade (o día 22 ás 12.00 horas no antigo Campo da Feira), con Odaiko (o día 22 ás 21.00 horas na rúa do Curro) e co Circo Alegop (o sábado 24 ás 12.00 horas na praza da Constitución, no Curro e no Cantón). O día 23 haberá inchables e un tobogán xigante na rúa do Curro, de 11.00 a 13.00 horas e de 17.00 a 21.00 horas.
- **Concerto de Narci Rodríguez One Man Band**. O 24 de xullo ás 22.00 horas na praza da Constitución. Para asistir, consultar as redes sociais da Concellaría da Cultural.



Nota: parte das actividades previstas poden ser canceladas pola situación sanitaria. Máis info: obarbanza.gal

O día en que o capitán Nemo pasou pola comarca

O regreso da mítica banda galega Os Resentidos formalizouse en Porto do Son

Os Resentidos, a mítica banda de rock galego, está de regreso. E non un regreso calquera: a volta aos escenarios e ao mercado discográfico formalizouse en colaboración cun artista novo de Porto do Son con trastorno autista (TEA), Antón Romero, que puxo en xogo o seu importante talento para dar forma ao compoñente visual e gráfico do retorno da banda: o disco *Operación Nautilus*.

A influencia de Porto do Son neste acontecemento histórico-musical non se limitou á importante pegada artística de Antón Romero, xa que Portosín foi finalmente o escenario elixido para a volta do grupo (o sábado 10 na praza do Curro). O concerto (o primeiro da nova andaina de Os Resentidos) foi dado a coñecer en rolda de prensa en terras sonenses.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística tamén quixo sumarse a este acontecemento histórico, logo de case tres décadas dende a separación dos seus integrantes. O secretario xeral Valentín García participou na presentación do primeiro concerto da xira *Operación Nautilus*, e fíxoo salientan-



Luis Oujo, Antón Reixa e Valentín García na presentación do concerto en Portosín

do a máis que relevante “contribución de Os Resentidos á normalización do uso da lingua galega desde o ámbito musical” e recordou “que a mítica peza Galicia caníbal converteuse decontado en himno da Movida e fíxose universal ata os nosos días”. E engadiu: “Seguramente non hai galego nin galega que non coñeza ou se recoñeza no

seu retrouso, que marcou todo un fito para o rock galego e tamén para a lingua galega”, concluíu.

Canda Valentín García, participaron tamén na presentación, que tivo lugar no Centro de Interpretación do Castro de Baroña, o rexedor sonense, José Luis Oujo, e Antón Reixa, cantante e fundador de Os Resentidos.

► O secretario xeral de Política Lingüística Valentín García salientou a máis que relevante “contribución de Os Resentidos á normalización do uso da lingua galega desde o ámbito musical”

Nautilus é o nome do disco que trae de novo a banda de Antón Reixa á actualidade, 28 anos despois. Trátase dunha homenaxe á fantasía de Jules Verne e ao seu famoso capitán Nemo que, a bordo do seu Nautilus, percorreu 20.000 leguas baixo os mares, con parada en Vigo, a mesma cidade que viu nacer á banda hai case 40 anos, na procura dun tesouro afundido.

Desde 1993 este é o primeiro álbum de estudio da formación integrada por Antón Reixa, Rubén Losada, Xabier Soto, Gabriel Villar, Xoaquín Seoane, Pablo Vidal e Anxo Graña.

En total achéganse 12 temas inéditos para celebrar este regreso, no que, como dixemos, desempeña un papel fundamental Antón Romero, prometedor artista local que aos seus 15 anos foi o elixido polo propio Reixa para levar a cabo a proposta visual do disco e que puido desfrutar en Portosín, a súa localidade natal, do regreso aos escenarios do mítico grupo de rock galego.

21 días co galego e + impulsou a lingua entre máis de 9.000 escolares

O programa de promoción do uso do galego 21 días co galego e +, cuxa orixe cómpre situar no IES da Pobra do Caramiñal (coa primeira versión da experiencia, 21 días co galego, impulsada pola profesora Pilar Ponte), contou coa participación de máis de 9.000 alumnos de 24 centros educativos desde a súa posta en marcha. Tamén tivo unha forte presenza dixital nas redes sociais e a través da web de seu (mediante blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais, un blog permanentemente actualizado con mancheas de entradas).

Segundo fixo saber Valentín García, responsábel da Secretaría Xeral de Política Lingüística (encargada de estender a iniciativa alén do IES da



Pobra), durante os anos que leva en marcha, o número de centros e alumnos foi medrando en cada unha das

edicións, pasando dos 1.400 participantes no curso 2018-2019 aos preto de 4.000 no curso pasado.

“Os datos demostran que se está a consolidar como unha útil ferramenta para fomentar o emprego da lingua na mocidade participante e nos seus espazos de socialización”, expresou Valentín García, engadindo que este impacto estase a notar tamén nos espazos dixitais onde a iniciativa está presente a través dun blog, así como unha canle propia en YouTube e perfís en Facebook, Twitter, Instagram e TikTok onde se está a constatar “un aumento da fluidez na comunicación coloquial en lingua galega de todos os colectivos participantes”.

Neste sentido, 21 días co galego e + está a achegar bos resultados en canto ás competencias dos alumnos observándose un maior coñecemento da realidade lingüística e unha posta en valor dos dialectais propios así como un fortalecemento de nexos de unión coa comunidade educativa.

Viaxe á grandeza da Roma antiga

O Museo do Gravado de Artes mostra en Compostela as visións evocadoras de Piranesi



De esquerda a dereita, Román Rodríguez, Antonio López, Manuel Ruíz Rivas e Xoán Pastor Rodríguez. Foto: Santi Alvite

Unha das exposicións máis destacadas e abraiante de cantas podemos contemplar estes días en Galicia foi posíbel grazas ás contribucións do Museo do Gravado de Artes, en Ribeira. Estamos a falar da mostra Piranesi-Vedute-vistas da Roma antiga-Cárceles, que se pode ver esta tempada no Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago.

Trátase dun pormenorizado e coitado achegamento a un dos artistas máis visionarios e evocadores da historia da arte, Giambattista Piranesi (1720 – 1778), considerado un dos grandes representantes da modalidade de gravado denominada augaforte, así como no xénero das vedute (as vistas).

O seu legado artístico é a base de movementos posteriores como por exemplo o romanticismo. Piranesi trabataba, a través das súas contribucións

visionarias, restaurar no presente a grandeza épica e monumental do pasado.

A exposición está integrada por un total de 44 obras, alén de diferentes libros expostos en cinco vitrinas.

No acto inaugural, que se celebrou este martes 13 de xullo, no salón nobre do Colexio de Fonseca, interviñeron o reitor Antonio López; Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade; Manuel Ruíz Rivas, alcalde de Ribeira e presidente da FMAG; e Javier Expósito Paradela, vicepresidente da FMAG. Tamén asistiron a vicerreitora de Igualdade, Cultura e Servizos, Mar Lorenzo, e a secretaria xeral da USC, Dulce García Mella, ademais do secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo.

Esta exposición poderá visitarse do 14 de xullo ao 28 de agosto, en horario de luns a sábado de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 horas.

Segundo se fixo saber na inauguración da mostra, “os gravados de Piranesi amosaron realidades inimaxinábais sen precedentes, sempre revelaban algo novidoso, pero conseguiu unha asombrosa variedade, unha gran precisión no debuxo e a vontade de ensinar aspectos descoñecidos ata ese momento”.



Pastor Rodríguez ► director do Museo do Gravado

“Piranesi cambiou, para toda Europa, o xeito de percibir o mundo antigo”



destes vinte anos que levamos abertos non só as catro provincias galegas, senón tamén países como Portugal, México, Costa Rica, Xapón, EEUU ou no territorio español, Salamanca, Madrid, Cantabria... e seguimos con esta dinámica. Neste momento temos obra en Portugal (Museu da Guarda) e temos previstas cesións para Salamanca, Cantabria e Sevilla.

- A exposición de Piranesi é unha mostra para todos os públicos? Cales serían os motivos polos que recomendarías á xente que a visitase?

- É unha mostra para todos os visitantes (incluído público infantil). Os motivos para visitala serían varios, pero podemos citar os seguintes: desfrutar dunha obra clásica dun artista internacional; comprobar a mirada nova que aporta Piranesi sobre a antigüidade e, sobre todo, sobre a antigüidade romana, pero no só como mirada arqueolóxica, senón co afán do presente, de volver crear no seu tempo unha magnificencia arquitectónica; e, tamén, apreciar a gran técnica, a seguridade artística e a carga informativa do seu legado, pero con algo máis novidoso: fantasía, melancolía, suxestión, poesía e evocación.

- Poderíase dicir que estes gravados de Piranesi que se poden ver en Santiago se atopan entre os principais tesouros do Museo do Gravado de Artes?

- Sen dúbida, a colección das vedutes de Piranesi, un dos grandes artistas da augaforte, son un dos tesouros do Museo polo que significan na historia da arte do gravado, pola singularidade do seu creador e porque somos un dos poucos museos de Galicia que teñen unha colección tan ampla.

► A colección das vedutes de Piranesi, un dos grandes artistas da augaforte, son un dos tesouros do Museo polo que significan na historia da arte do gravado

- É esta a confirmación dun proceso por sacar os fondos do Museo do Gravado ao exterior e avanzar na vontade compartilos coa sociedade?

- Non é a primeira vez que os fondos do Museo do Gravado se expoñen en Compostela, xa tivemos outras exposicións como as series de Dalí ou Guayasamín, entre outras. É máis, os fondos do Museo do Gravado recorreron ao longo

- Piranesi botaba man da súa imaxinación e da súa capacidade de reconstrución do pasado para combater as eivas do seu presente. Esta metodoloxía vén moi a conto nestes días de crise sanitaria, pandemia e adversidade, non cres? Segue vixente esta proposta do artista italiano?

- Podería ser, pero son situacións distintas, para o artista italiano as súas obras tiñan a intención de cambiar a realidade, de restaurar a grandeza da Roma pasada; coa pandemia, temos que combater o virus presente para voltar a un pasado mellor, a unha nova realidade pasada. Piranesi cambiou, para toda Europa, o xeito de percibir o mundo antigo, dotándoo de carga emocional, condicionando ata hoxe a forma de mirar a Roma antiga.

Máis dispositivos para loitar contra o lume

O operativo, formado por máis de 7.000 persoas, fortaleceuse con máis cámaras de vixilancia



Estamos na cerna do verán e, co obxectivo de previr lumes dunha maneira máis eficaz, o Goberno autonómico reforzou este ano o seu dispositivo humano e material, complementando (e fortalecendo) esta medida cun extra de colaboración con outras administracións.

Segundo recolle o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2021), o número total de medios aéreos dispoñibles na tempada de alto risco rolda a trintena, un número semellante ao dos últimos anos, contemplando tanto os medios da Consellería do Medio Rural como os do Estado.

A actualización do Pladiga complétese con outras melloras tecnolóxicas relacionadas por exemplo coa implantación de novas funcionalidades para o cálculo dos custos de extinción, baseadas na aplicación de custos unitarios e tempo de traballo, o que facilitará despois a reclamación dos gastos en procesos xudiciais contra incendiarios, nesta tempada de alto risco tamén foi implantado o acceso ao persoal que intervéñen no incendio a toda a información operativa do lume, en tempo real.

Amais fortaleceuse a rede de vixilancia no monte con cámaras de última xeración, coa instalación este ano de 22 novos dispositivos. Isto permitirá



Traballadores do servizo de extinción recibindo formación sobre o terreo

Equipo de traballadores realizando labores de prevención

» Outra mellora na loita fronte aos incendios será a creación do novo centro integral para a loita contra o lume, que se situará na localidade ourensá de Toén e que se verá enriquecido coas contribucións dos maiores especialistas

dispoñer xa de 142 en toda Galicia, localizadas en 71 puntos estratéxicos, con especial atención ás Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI) e ás zonas de Alto Risco de Incendios. Até o de agora, as cámaras instaladas permitían cubrir o 60% do territorio galego e con estas incorporacións chegarase a abranguer unha porcentaxe aproximada do 70%.

Polo que se refire aos medios humanos e materiais mobilizados no Pladiga mantéñense en liñas xerais en

valores similares aos das últimas campañas. En concreto, o operativo está de novo integrado por máis de 7.000 persoas en total, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta como os doutras administracións.

Sobre os medios terrestres, o Goberno galego salienta o incremento de 19 motobombas máis por parte dos concellos, que se suman ao dispositivo de loita contra incendios. Así, o número total de vehículos motobomba a disposición do operativo é de 378,

sumando os da Xunta e os municipais. Seguindo este fío, renovarase tamén o parque móbil do servizo autonómico, coa adquisición de 6 novas motobombas e a renovación doutros vehículos.

O Pladiga 2021 incorpora, a maiores, un completo plan de prevención, que ten como principais magnitudes a actuación en máis de 58.000 hectáreas de superficie, a intervención en preto de 5.000 quilómetros de pistas forestais e outras vías de comunicación e a realización de labores de mantemento nos case 4.000 puntos de auga existentes na nosa comunidade e a construción doutros 222 novos. Todo isto mobiliza un investimento de arredor de 30 millóns de euros.

Outro dos plans incluídos no Pladiga é o de formación, co que a Xunta imparte este ano preto de 230.000 horas lectivas aos case 3.000 traballadores do servizo, ao abeiro dunha iniciativa extensible aos concellos e á cidadanía ata o ano 2024. Nesta planificación contéplanse catro programas, dous para o persoal da Xunta, outro para o dos concellos e un cuarto para a sociedade do rural.

Entre as accións realizadas e previstas para o outono-inverno están 31 cursos para os profesionais da Xunta, 40 iniciativas relacionadas coa seguridade laboral, cos grandes incendios e lumes de interface ou co manexo de equipamentos de traballo, para este mesmo persoal. Tamén se contempla a formación práctica para os traballadores adscritos aos concellos e accións de concienciación cara a poboación rural.

Outra mellora na loita fronte aos incendios será a creación do novo centro integral para a loita contra o lume, que se situará na localidade ourensá de Toén e que se verá enriquecido coas contribucións dos maiores especialistas no comportamento e análise dos incendios. Ademais habilitarase no sur de Ourense unha nova base de medios aéreos que suporá un investimento de máis de 9 millóns de euros.

A Xunta salienta tamén o convenio de colaboración subscrito coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, convenio ao que xa están adheridos 270 concellos. Esta colaboración interadministrativa garante a correcta xestión da biomasa en parcelas situadas dentro da rede de faixas secundarias de máis do 86% do territorio da Comunidade galega. Unha xestión que está sendo controlada por drones e por supervisores de prevención.

Máis arquitectura de vangarda para Ribeira

Comeza a construción da pérgola da nova Estación de Autobuses

O Concello de Ribeira informou do inicio dos traballos (esta penúltima semana de xullo) para construír a pérgola da nova Estación de Autobuses da cidade. Os labores comezaron logo de dúas semanas de tarefas previas (por exemplo o traslado das marquesiñas provisionais á beirarrúa de enfrente e o valado da zona de actuación). A nova pérgola servirá de apeadoiro central da estación. A entidade adxudicataria é a UTE formada por Canarga S.L. e Abeconsa S.L.U., conforme a un prezo de adxudicación de 284.707 euros, IVE incluído.

Segundo o proxecto técnico, a infraestrutura estará conformada por cinco grandes bóvedas en forma de tella de 14,35, 13,14, 11,56, 14,91 e 13,79 metros de longo, con alturas que oscilan na parte superior entre os 4,15 e os 4,65 metros.

Os arquitectos responsábeis da



mesma, Santiago Rey Conde e Ismael Ameneiros Rodríguez, defínena como “un deseño atemporal, non lineal, con zonas de espera sentadas, espazos abovedados que amplían a contorna e formas alargadas que permiten proxeción a gran cantidade de xente”.

A pérgola estará orientada lonxitu-

dinalmente en sentido norte-sur para minimizar a exposición aos ventos do sur, informou o Concello, engadindo que contará con viseiras de protección a leste e oeste que tamén darán acubillo fronte aos ventos ao tempo que ofrecen zonas de espera cubertas para os autobuses.

Como materiais, empregarase formigón coloreado, ademais de inserir lucernarios de vidro circulares para fornecer de luz natural e un revestimento exterior con elementos cerámicos dirixido á protección das cubertas e á impermeabilización.

Ademais, o proxecto técnico inclúe a introdución de vexetación para a mellora de condicións ambientais e mobiliario urbano que axude a dar carácter e definir os espazos, emprazados sobre unha superficie de 1.300 metros cadrados no remate da avenida do Malecón.

De xeito paralelo o Concello sinalou que está na súa fase final o procedemento de contratación dunha obra dirixida a reformar unha das naves portuarias lindeiras co fin de habilitar unha zona de espera así como ofrecer servizos como despacho de billetes. O seu orzamento base de licitación é de 71.847 euros, IVE incluído. Hai sete empresas presentadas.

Visita á nova Comisaría



A finais do mes de xuño, a subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, e a presidenta de SIEPSE, Mercedes Gallizo, fixeron unha visita ás obras da nova Comisaría situada na avenida das Airós de Ribeira,

na contorna de Fontán: unha actuación que está a afrontar o seu treito final sendo as previsións de que rematen ao final do verán.

Na estadía no novo inmóbel tamén participaron, entre outros, a primeira tenente de alcalde María Sampedro e o

comisario da Policía Local de Ribeira, Diego Amaya.

A nova comisaría comporta un investimento de 2.592.519 euros. Conta con catro andares e, entre outras dependencias, contará con oficinas de atención ao cidadán, expedición de DNI, grupo local de seguridade cidadá, arquivo, galería de rito ou armería.

Unha vez concluída obra quedará dotar de equipamentos á infraestrutura, o que xa está en licitación.

Para a construción do novo inmóbel (que substitúe o xa da avenida Miguel Rodríguez Bautista) o Concello aportou os terreos onde se levanta, de máis de 2.100 metros cadrados de extensión. Nas súas inmediacións situarase o futuro Punto de Encontro Familiar de Barbanza, tamén en obras.

Á busca de emprazamentos para un posíbel novo centro de saúde

Este mes de xullo a Consellería de Sanidade confirmou ante o Concello de Ribeira que baralla “dúas posíbeis alternativas” respecto da ampliación do Centro de Saúde e “co ánimo de mellorar as prestacións asistenciais na capital municipal”. Estas son as dúas opcións que se teñen en conta: ben ampliar e acondicionar o centro existente, que se sitúa na praza dos Mariñeiros nunhas instalacións compartidas co Instituto Xeral da Mariña, ou ben (a que sería a opción preferida) construír un

novo centro de saúde noutra enclave.

Co obxectivo de a segunda das alternativas comece a coller corpo, a Consellería encomendou ao Concello as xestións dirixidas á localizar e poñer a disposición unha parcela dentro da cidade que “resulte idónea para edificar un centro de saúde de nova creación, acorde cos estándares construtivos máis modernos para unha óptima atención dos pacientes”.

Para cumprir esta solicitude a Administración local estuda xa varias opcións en diferentes barrios do casco urbano.

EDITA:
GRUPO CÓDIGO CERO
COMUNICACIÓN S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º G
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.: 981 530 268 - 608 240 160

DIRECTOR:
Joferpa
director@obarbanza.gal
WEBMASTER:
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com
REDACCIÓN:
Fernando Sarasketa
Sonia Pena
Sandra Rivadulla

Pedro Pérez
redaccion@obarbanza.gal
MAQUETACIÓN E DESEÑO:
Óscar Louzán
FOTOGRAFÍA:
Beatriz Martínez del Campo y Ricoy
Joferpa
Antonio Parada
Abelardo Soler - Abso

PUBLICIDADE:
publicidade@obarbanza.gal
CORREO DO LECTOR:
lectores@obarbanza.gal
A NOSA WEB
www.obarbanza.gal

IMPRIME:
TAMEIGA, S.L.
Número 25 (Agosto 2021)
Publicación periódica.
Prezo: 1,50 €
Depósito Legal: C 668-2019
I.S.S.N.: 2659-8256



Produtos de aquí, produtos con *historias.*

Consumindo produto galego,
fas posible que
máis de 30.000 familias
sigan vivindo do sector primario,
creando un futuro máis sostible.



É bo que sexa
de aquí



Xacobeo 21-22
Galicia



EROSKI

contigo

 **DESCUBRE A ORIXE DO CAMIÑO** 
DESTINO BARBANZA AROUSA

 **DESCUBRE EL ORIGEN DEL CAMINO** 
DESTINO BARBANZA AROUSA

 **DISCOVER THE ORIGIN OF THE WAY** 
BARBANZA AROUSA DESTINATION



Galicia rexorde

As axudas do Fondo de Cooperación dos Concellos do IGVS fixeron posíbel a rehabilitación do Pazo de Goiáns, que xa está na súa recta final

O pasado mes de xuño a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, acompañada do tenente alcalde de Boiro, Luis Ruiz, e o concelleiro de Medio Ambiente, Raúl Treus, e a xefa territorial, Cristina Carrión, visitaron o Pazo de Goiáns para comprobar o estado de execución das obras dirixidas a pór en valor este importante conxunto arquitectónico, artístico e ambiental, xa moi avanzadas (a finais de xuño as tarefas estábanse a centrar na carpintería e nos acabados finais do interior do inmóbel).

Este proxecto do Concello de Boiro para recuperar do Pazo de Goiáns, un dos máis importantes da nosa terra, está a ser posíbel grazas ao apoio da Consellería de Medio Ambiente, a



través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (axudas do Fondo de Cooperación de Concellos).

A conselleira aproveitou a súa visita a Boiro para debullar os detalles da nova convocatoria das axudas ao

Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

Trátase dun programa creado en 2017 polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e que na actual convocatoria —a de 2021— reserva case 4,5 millóns de euros para tal fin. “Os concellos interesados en participar no mesmo dispoñen ata o 1 de outubro para presentar as súas solicitudes”, dixo.

A conselleira lembrou que este programa de rehabilitación é “unha mostra do compromiso do Goberno galego coa conservación e recuperación do patrimonio construído na comunidade, e grazas ao mesmo xa se impulsaron 36 axudas por un importe de máis de 7 millóns de euros”, explicou, engadindo que entre estes proxectos atópase a recuperación do Pazo de Goiáns, “unha actuación que está xa moi avanzada e que se espera rematar este mesmo verán e que permitirá poñer ao servizo dos veciños de Boiro un espazo de intercambio cultural e de dinamización social, rodeado de natureza e biodiversidade”.

Axudas actuais do IGVS

A conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, fixo un percorrido polas axudas do Instituto Galego de Vivenda e Solo dirixidas a particulares, comunidades de veciños e concellos en materia de rehabilitación residencial que xa foron convocadas ou que están a piques de selo.

Serían as que citamos a continuación:

- Axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes. 17 millóns de euros. Convocadas o 6 de novembro de 2020. Poden pedirse até o 31 de xullo.
- Préstamos para a rehabilitación. Son 199.047 euros (plurianual). Convocada o 18 de marzo. Até o 1 de setembro.
- Áreas de Rehabilitación Integral. Divídense en tres grupos: ARI Camiño de Santiago (126 concellos, 1,3 millóns de euros en axudas), ARI Illas Atlánticas (4 concellos, 32.000 euros) e ARI Ribeira Sacra (25 concellos, 850.000 euros). As actuacións que se poderán levar a cabo son obras e traballos



de mantemento nas vivendas unifamiliares e nos edificios, a fin de adecualos e realizar obras de demolición de edificios e vivendas e obras de nova construción. O prazo, ata o 30 de setembro.

- Programa Rexurbe de compra de inmóbeis para rehabilitación. 1,5 millóns de euros. Publicada a oferta o 8 de abril. Os concellos nos que se adquiriran inmóbeis este ano son A Coruña (1 millón de euros), Ribadavia (0,25 millóns) e Tui (0,25 millóns). Remata o prazo o 9 de xullo.
- Axudas a comunidades de propietarios de Vivendas de Promoción Pública. A contía é de 1 millón de euros. Convocáronse o 21 de abril. Son axudas para comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública para actuacións en elementos comúns. Finalizan o 22 de xuño.
- Fondo de Cooperación cos Concellos para actuacións en materia de rehabilitación. Son 4,5 millóns de euros. Préstamos xen xuros a municipios de menos de 50.000 habitantes para actuacións de rehabilitación.
- ARI Municipais (75 en toda Galicia). Convocadas o 16 de xuño.

Unha vez repartidos os fondos entre os concellos con ARI que soliciten entrar no reparto deste ano, os propietarios e comunidades de veciños con edificios e vivendas nestes ámbitos poderán solicitar axudas de ata 24.000 € para rehabilitar e de ata 30.000 € en caso de que se trate dunha reconstrución. O prazo é dun mes dende a convocatoria.

Estas serían as axudas con prazo pechado ou pendentes de resolución:

- Conservación, mellora da seguridade e a accesibilidade. 680.000 euros. Convocadas o 22 de marzo. O prazo rematou o 22 de abril.
- Rehabilitación de edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino a alugueiro social (antes mestres). A contía é de 1.714.700 euros. Convocada o 22 de marzo. O prazo rematou o 30 de abril. O programa activouse en 2016 e xa incluíu actuacións en 125 vivendas.
- Infravenda rural (2020). Axudas cunha contía total de 274.337 euros, ao que se engadiron 95.000 euros máis. Foron convocadas o 22 de marzo. O prazo rematou o 30 de abril.

Os rañaceos da comarca

Os miradoiros constitúen espectaculares balcóns para contemplar a beleza dos concellos de Barbanza Arousa



A inmensidade do Atlántico dende o Miradoiro da Pedra da Ra, en Ribeira

A Mancomunidad Barbanza Arousa, integrada polos municipios de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira, preséntase este verán como un dos destinos preferidos polos viaxeiros, tanto polos que veñen de fóra como polos que proceden da propia xeografía galega. Non é preciso esforzarse moito para atopar cal é o segredo do éxito, a situación privilexiada destes concellos, as boas comunicacións e servizos, o seu carácter tranquilo e non masificado, a calidade dos sectores hostaleiros e gastronómicos e, dende logo, os seus tesouros naturais e culturais, son fórmulas que por separado xa terían garantido un trunfo pero que xuntas, interactuando, son un reclamo difícil de obviar para quen ande á procura do remedio turístico para tanto revés e adversidade pandémica.

Ao devandito hai que engadir o atractivo dunha dualidade (unha dualidade serra-mar) que é, en certa maneira, como facer convivir nun espazo reducido, case insular, o mellor da paisaxe galega.

Esta realidade é facilmente comprobábel a pé de ruta, á beira do mar, pero contéplase especialmente ben dende os moitos balcóns-outeiros que ofrecen os nosos concellos. As opcións son moitas e variadas. De feito, toda a contorna atópase salpicada de excelentes miradoiros, desde o Pico Muralla en Rianxo, pasando polo Coto da Filloa en Boiro ou o recoñecido miradoiro da Curotiña na Pobra do Caramiñal, até o miradoiro de Pedra da Ra en Ribeira, que ofrece, en visión de 360



O Pico da Muralla en Rianxo, nunha foto de Barbanza Arousa

graos, unha panorámica do lugar onde remata Barbanza e comeza o que os nosos antergos entenderon, con moito tino, como o infinito do mar. Son estes só algúns exemplos desa combinación extraordinaria de mar e serra que fan único a este destino. Noutros capítulos vindeiros falaremos dos miradoiros da vertente norte do Barbanza, os que coroan os concellos de Porto do Son, Lousame e Noia, pero agora centráremonos nos da beira sur, os do mar de Arousa.

O Pico da Muralla. En Rianxo, é o miradoiro máis recente de Barbanza-Arousa, a 678 metros de altura e cunha das panorámicas máis impresionantes de Galicia. Desde aquí poderemos ver toda a Ría de Arousa, a Ría de Muros e Noia, Santiago de Compostela e, se temos sorte nun día asollado, até as Illas Cíes ou as torres da Catedral de Santiago.

Este miradoiro conta cunha plataforma de madeira no alto do Monte Picudo, no parque eólico de Rianxo, desde a que poderemos sentir, en palabras

non é apto para todo tipo de vehículos xa que presenta algunhas pendentes fortes. Durante o traxecto poderemos gozar de frondosos bosques e animais en liberdade.

O Coto da Filloa. En Boiro. Se ben hai cumios máis altos no Barbanza que este miradoiro, este comparte as magníficas vistas que outras paraxes teñen da Ría de Arousa. O Concello de Boiro cualifícao de “rañaceos de rocas e arbustos que supera en altura aos famosos edificios de Nova York”. Moi preto atópase a Ruta das Mámoas, formada por uns 30 monumentos funerarios que datan de fai miles de anos.

Miradoiros da Curota e A Curotiña. Na Pobra do Caramiñal. Son en realidade dous balcóns en cadansúas moles graníticas, A Curotiña (368 m) e A Curota (498 m). Non son os máis altos nin os únicos miradoiros da serra do Barbanza co punto máis elevado no monte Iroite (685 m), pero si dos mellores para ter unha perspectiva case aérea das Rías Baixas, e en días claros dise que até Portugal.

A escasa distancia do mar e o forte desnivel orixina abruptos descensos dos ríos. Desde A Pobra do Caramiñal pódese chegar paso a paso ás fervenzas do río Pedras. Desde Boiro, ás de Cubelos.

A Pedra da Ra. En Ribeira. É un outeiro único situado na contorna dunha pedra con forma de ra que coroa o Monte da Cidá. Desde o alto, a 213 metros sobre o nivel do mar, pódese tomar aire e gozar intensamente das vistas das dunas e do cabo de Corrubedo, a desembocadura da Ría de Arousa ou a Illa de Sálvora. O miradoiro foi recentemente intervindo polo Concello para mellorar a contorna dende o punto de vista ambiental e turístico. O resultado foi un ambicioso proxecto deseñado polo prestixioso arquitecto Carlos Seoane, recoñecido con múltiples distincións como os premios COAG, FAD ou Enor ou a súa selección para as bienais de arquitectura de Venecia e Arxentina, entre outras condecoracións.



Vistas dende o Miradoiro da Curota

APÓSTOLO

20-31 xullo 2021



MARTES, 20

21.30 h. Pregón. *Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos* · Praza do Obradoiro
22 h. Monólogos “Sen Restricións”. *Ledicia Sola, Carmen Méndez e Marta Doviro*

MÉRCORES, 21

21 h. Concerto: *Astrogirl* · Parque de Galeras
21.30 h. Concerto: *Luz Casal & Real Filharmonía* · Praza do Obradoiro

XOVES, 22

10.30 h - 12.30 h. Alboradas
Devagarinho e Asoc. Cultural Pena Maior de Marrozos
20 h. Concerto: *Laura Lamontagne & Pico Amperio* · Alameda
20.30 h. XLIII Torneo de chave Festas do Apóstolo · Alameda
21 h. Xornadas de Folclore Galego · Praza do Obradoiro
Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos, Agrupación Folclórica Colexiata de Sar, Grupo de Baile e Música Tradicionais Brincadeira e Obradoiro de Cultura Tradicional Ulteira
21 h. Concerto: *dani* · Parque de Galeras
22 h. Concerto *Rodrigo Cuevas* · Praza da Quintana
22.30 h. Concerto *Tato López* · Praza de Mazarelos

VENRES, 23

10.30 h - 12.30 h. Alboradas
Asoc. Cultural Muñeiros do Sarela e Asoc. Cultural Pana Raiada
18 h. Circo: *Vol e Temps “Distans”* · Parque da Alameda
19.30 h - 20.30 h. XLIII Torneo de chave Festas do Apóstolo · Alameda
20 h. Teatro: *Los Anisakis “Porco”* · Palco da Música. Alameda
21 h. Concerto: *Sabela King & The heartbreakers* · Parque de Galeras
22 h. Concerto: *Stage40 con Marlon* · Praza da Quintana
22.30 h. Concerto: *Pablo Sanmamed Trío* · Praza de Mazarelos
10 h - 23:10 h. Dron Festival Gaelic GP Series 2021
Campo Municipal de Fútbol do Sergas

SÁBADO, 24

10.30 h - 12.30 h. Alboradas
Asoc. Cultural Muñeiros do Sarela e Asoc. Cultural Pena Maior de Marrozos
12 h. Comparsa de cabezudos · Praza da Quintana
16.30 h - 20 h. XLIII Torneo de chave Festas do Apóstolo · Alameda
18 h. Teatro: *Teatro Ghazafellos “As pitas baixo a choiva” (+3 anos)* · Alameda
20 h. Concerto: *Secho “Recuperar”* · Palco da música. Alameda
21 h. Concerto: *Combo Paradiso* · Parque de Galeras
22 h. Concerto: *Milladoiro* · Praza da Quintana
22.30 h. Concerto: *Teresa Ferreiro* · Praza de Mazarelos
23.30 h. Espectáculo pirotécnico

DOMINGO, 25 - DÍA DO APÓSTOLO 2021

OFRENDA AO APÓSTOLO
10.30 h. Alboradas a cargo da *Asociación Cultural O Castro de Figueiras*
11 h. Comparsa de cabezudos · Praza das Praterías
18 h. Teatro: *Teatro ó Cubo “Ghop!” (+ 5 anos)* · Parque da Alameda
21 h. Concerto: *Chicharrón* · Parque de Galeras
21 h. Concerto: *BMMS & PELEPAU “Na Beira”* · Praza da Quintana
22.30 h. Concerto: *Son Trío* · Praza de Mazarelos

LUNS, 26

10.30 h. Alboradas a cargo da *Asociación Cultural Brañas de Andrés*
18 h. Circo: *Natalia Outeiro ‘Pajarito’ “Isolada” (+ 7 anos)* · Alameda
19 h. Cinema no parque: *Bruxerías* · Parque Eugenio Granell
21 h. Concerto: *Momboi* · Parque de Galeras
22 h. Cinema no parque: *Nación (+ 12 anos)* · Parque Eugenio Granell
22 h. Concerto: *Ladilla Rusa* · Praza da Quintana
22.30 h. Concerto: *Valentín Caamaño Quartet* · Praza de Mazarelos

MARTES, 27

10.30 h. Alboradas a cargo da *Asociación Cultural Pana Raiada*
11.30 h - 20 h. **Día do Traxe Galego**
18 h. Teatro: *Mirari Urruzola “Feira das sementes” (+ 4 anos)* · Alameda
19 h. Cinema no parque: *Volando juntos* · Parque Eugenio Granell
21 h. Concerto: *Néboa* · Parque de Galeras
22 h. Cinema no parque: *Dorothè na vila* · Parque Eugenio Granell
22 h. Monólogo: *Eva Soriano* · Praza da Quintana
22.30 h. Concerto: *Rubens Consort* · Praza de Mazarelos

MÉRCORES, 28

10.30 h. Alboradas a cargo da *Asociación Cultural Muñeiros do Sarela*
13 h. **Día de Padrón en Santiago**
Bandas municipais de música de Padrón e Santiago · Praza do Obradoiro
18 h. Circo: *Aimar & Cia “Etxea” (+ 5 anos)* · Parque da Alameda
19 h. Cinema no parque: *Abominable* · Parque Eugenio Granell
19 h. V MEMORIAL ANTONIO BERMÚDEZ
CD Lugo - SD Compostela · Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro
21 h. Concerto: *Xoán Curiel “Treides Comigo!”* · Parque de Galeras
22 h. Cinema no parque: *Ons (+12 anos)* · Parque Eugenio Granell
22 h. Concerto: *Boyanka Kostova / Verto* · Praza da Quintana
22.30 h. Recital: *AldaoLado* · Praza de Mazarelos

XOVES, 29

10.30 h - 12.30 h. Alboradas
Asoc. Cultural Armadanzas de Laraño e Asoc. Cultural Pena Maior de Marrozos
18 h. Circo: *Jean Philipe Kikolas “Sin remite” (+ 4 anos)* · Alameda
19 h. Cinema no parque: *El malvado zorro feroz* · Parque Eugenio Granell
19.30 h. Concerto: *BMMS “Unha tarde con Emilio Rúa”* · Praza das Praterías
20 h. Concerto: *Javier Otero Neira “Reconstrucción”* · Alameda
21 h. Concerto *Paloma* · Parque de Galeras
21.30 h. 25º ANIVERSARIO (Gala lírica). *RFG* · Praza da Quintana
22 h. Cinema no parque: *Lúa Vermella (+ 7 anos)* · Parque Eugenio Granell
22.30 h. Concerto: *Terbutalina* · Praza de Mazarelos

VENRES, 30

10.30 h - 12.30 h. Alboradas. *Asoc. Cultural Gentilha do Pichel e Devagarinho*
18 h. Familiar: *Assircópatas “Abracadaver” (+ 4 anos)* · Alameda
19 h. Cinema no parque: *Curtas de animación* · Parque Eugenio Granell
20 h. Música e poesía: *Manuel Rivas + Nacho López + Tanja Haupt*
“100 mil estorninhos” · Palco da música. Alameda
21 h. Concerto: *Espiño* · Parque de Galeras
22 h. Cinema no parque: *A poeta analfabeta* · Parque Eugenio Granell
22 h. Concerto: *Iván Ferreiro* · Praza da Quintana
22.30 h. Concerto: *Monoulíous DOP dúo* · Praza de Mazarelos

SÁBADO, 31

10.30 h - 12.30 h. Alboradas
Asociación Cultural Os Valentes de Conxo e Enxebres de San Lázaro
11.30 h - 20 h. **Trad Fest** · Parque de Bonaval
18 h. Concerto: *Mama Cabra & BellónMaceiras “A música das buguinas”* · Alameda
20 h. Concerto: *BMMS & Brincadeira. “Bailan as picheleiras”* · Praza das Praterías
20 h. Danza: *Paula Quintas “Analepsis”* · Alameda
20.45 h. Danza: *Paula Quintas “Analepsis”* · Alameda
21 h. Concerto: *The All Night Workers* · Parque de Galeras
21.30 h. Concerto **Trad Fest** · Foliada ao vivo, *Banda das Crechas, Felisa Segade, Os da Porfía, Marcos Coll, Caamaño & Ameixeiras e Sheila Patricia* · Praza de Praterías
22.30 h. Concerto: *Peña* · Praza de Mazarelos
23.30 h. Pirotecnia fin de festa · Cidade da Cultura


Revolución cultural

Unha decena de concellos da nosa comarca beneficiarase das axudas para promover a nosa lingua dende o local

A Secretaría Xeral de Política Lingüística informou no seu portal, Lingua.gal, dos concellos que se van beneficiar este ano das axudas da Xunta para promover o galego “dende o ámbito local”. Serán, en total, 85 municipios (entre os que se contan, como se pode ver no PDF do DOG do 15 de xullo, Muros, Outes, Rianxo, Boiro, Ribeira, Dodro, Noia, A Pobra do Caramiñal e Carnota) unha contía de 350.000 euros, o que, supón un incremento do 40% con respecto á dotación orzamentaria de anos anteriores.

Ao abeiro destas axudas, os concellos poderán sufragar os gastos derivados da creación, do reforzamento e do mantemento de unidades técnicas especializadas en lingua galega, así como da programación de actividades específicas coas que dinamizala desde o tecido municipal. Os ámbitos estratéxicos de actuación que se priorizan son o do deporte, o da mocidade, o das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación), o do tecido económico empresarial, o dos servizos sociais e o da perspectiva de xénero e igualdade entre homes e mulleres.

A convocatoria dálle cumprimento á directriz aprobada polo Consello da



Xunta de Galicia en 2013 de impulso á prestación de servizos compartidos entre concellos, a prol dunha maior eficacia, eficiencia e coordinación.

Así, 23 concellos das provincias da Coruña, Lugo e Ourense concorren e beneficianse dela a través de oito agrupamentos: A Baña e Negreira, Carnota e Mazaricos, Rois e Dodro

e os xa pertencentes á entidade supramunicipal da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes (Ordes, Cerceda, Frades, Oroso, Trazo e Tordoia); Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños e mais Boborás e Castro de Miño; Quiroga e Rivas de Sil e mais Carballedo e Chantada, respectivamente. Para alén disto, ao

►► Ao abeiro destas axudas, os concellos poderán sufragar os gastos derivados da creación, do reforzamento e do mantemento de unidades técnicas especializadas en lingua galega

abeiro das axudas, o tecido municipal galego contará con servizos lingüísticos de nova creación nos concellos de Noia, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao, Carballedo e Chantada.

A convocatoria enmárcase nas accións de promoción do galego desde o ámbito local que desenvolve a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, entre as que destacan a Rede de Dinamización Lingüística (RDL), que integra máis de 200 entidades, e os programas e as iniciativas asociados a ela. Neles, ten especial incidencia desde o ano pasado o desenvolvemento da programación de actividades do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021, baixo os obxectivos de apoiar este sector e os seus axentes e profesionais no contexto da COVID-19, promover iniciativas que sirvan para acelerar a recuperación do tecido económico cultural e creativo galego e poñer a disposición da cidadanía unha oferta cultural e lingüística de calidade.

Lingua de Namorar deixa un merecido premio na Pobra

O Pazo de San Roque, en Santiago, acolleu a principios de xullo a entrega de premios da nova edición do certame Lingua de Namorar, concurso creativo de mensaxes de amor convocado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude. Foi novamente unha ocasión para salientar a boa sintonía entre as redes dixitais, a creatividade poética da nosa mocidade e a lingua galega.

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, recibiron ás persoas gañadoras para facerlles entrega de cadanseu galardón.

Na categoría A, que inclúe os mo-



zos e mozas de 14 a 19 anos, resultaron gañadoras co primeiro, segundo e terceiro premio respectivamente

as mensaxes *Penso en ti*, de María Rey Villar (A Coruña), *Sol e Lúa*, de Lucas Paz González (A Coruña) e

Amar mentres a vida avanza lento, de Lara Hernández Iglesias (A Pobra do Caramiñal).

Pola súa banda, os textos premiados na categoría B para os participantes de 20 a 35 anos foron, en primeiro lugar, *Rea(r)mar*, de Lara Álvarez Álvarez (Redondela), en segunda posición, *O fío da vida*, de Leticia Cid Cid (San Cibrao das Viñas), e, pechando o podio, *KÓX3GΔS*, de Andrea López Otero (Pantón), quen non puido estar presente no acto de entrega.

Na categoría C, incluída por primeira vez nesta edición para os participantes que se animaran a compartir as súas mensaxes de amor a través de Instagram, estreou o premio acumulando o maior número de *gústame*s na dita rede social, José María Trigo González (Pontevedra).

Quilómetros polo ben común

Até 752 camiñantes participaron na nova Andaina Solidaria de CONGALSA, que recadou 10.000 euros



O vicepresidente Alfonso Rueda acompañando a un grupo de participantes



A conselleira do Mar, Rosa Quintana, sumouse unha vez máis á iniciativa solidaria de CONGALSA

A empresa alimentaria CONGALSA, con sede principal na Pobra do Caramiñal, vén de facer balance da que sería a máis popular das súas moitas iniciativas socialmente responsábeis: a súa Andaina Solidaria, que chegou este 2021 á súa sexta edición. Segundo fixo saber a compañía de produtos do mar, un total de 752 persoas participaron nesta sexta convocatoria, que se desenvolveu durante todo o mes de xuño e que propuña aos participantes, de xeito virtual, percorrer un treito do percorrido ou ben participar de manei-

ra altruísta coa compra do dorsal "0".

O número global de quilómetros percorridos, 3.937, converteuse en euros automaticamente. Porén, a dirección de CONGALSA decidiu redondear a cifra até os 10.000 euros para destinar ás familias máis necesitadas do Barbanza e tamén a outras na contorna de Sulpasteis, a factoría portuguesa que a empresa da Pobra mercou o ano pasado.

Parte destes fondos xa se entregaron aos responsábeis de Cáritas Ribeira e Cáritas A Pobra do Caramiñal, por parte do director de Recursos Humanos da empresa, Juan Carlos

Representantes do mundo institucional, como a conselleira do Mar, Rosa Quintana, participaron na iniciativa. Pero tamén o fixeron persoas procedentes da política local, do mundo empresarial ou do tecido social e deportivo da comarca do Barbanza

Rama, e da directora de Relacións Externas, Isabel Cañas.

A entrega á ONG portuguesa Bombeiros Voluntarios de Arganil, realizárase nos vindeiros días.

España, Portugal e Estados Unidos

CONGALSA explicou nun comunicado que a diferenza do que viña acontecendo antes da pandemia de COVID-19, nesta ocasión a andaina desenvolveuse "en aberto", por segundo ano consecutivo, non só para as traballadoras e traballadores da empresa, senón tamén para familiares, amigos, representantes de entidades colaboradoras e, en definitiva, "todo aquel que quixese colaborar con independencia da súa localización xeográfica". Desta maneira, inscribíronse na andaina persoas situadas en diferentes puntos de España, Portugal e, mesmo, Estados Unidos.

Tamén participaron numerosos traballadores da empresa e máis da firma portuguesa Sulpasteis.

Igualmente, implicáronse na andaina unhas 60 persoas convocadas por Cáritas Ribeira.

Amais, representantes do mundo institucional, como a conselleira do Mar, Rosa Quintana, participaron na iniciativa. Pero tamén o fixeron persoas procedentes da política local, do mundo empresarial ou do tecido social e deportivo da comarca do Barbanza, así como escolares do CEP Pilar Maestú Sierra da Pobra do Caramiñal.



ENTREVISTA

Esther Carrodegua ► actriz, escritora e directora teatral

Falar de literatura é falar das cousas que nos axudaron a volver ao cuadrilátero da vida logo dos reveses e labazadas da pandemia. E tamén un xeito de conxurar a incomunicación e a soidade. En palabras da dramaturga, actriz, escritora e directora teatral Esther Carrodegua (Rianxo, 1979), as persoas “non estamos soas nas emocións sentidas, nas estupideces cometidas, ou na dor soportada”. Isto vén a conto por *32m2*, a obra teatral coa que quixo reverter a precariedade desencadeada pola crise sanitaria. Falamos tamén do Premio Barriga Verde (XIV edición) pola súa obra *República Sideral*.

- Esther, sen dúbida a cultura galega sobrevivirá a estas e outras pandemias. Proba diso, a túa actividade como escritora, dramaturga e actriz non cesou este 2021, nin tampouco o ano previo. A situación mesmo propiciou unha obra concreta coa que te fuches de xira, *32m2*, unha traxedia sobre o confinamento escrita por ti e por Xavier Castiñeira. Que quixeches contar con ela? Era a túa intención axudar ao público a superar o duro revés sanitario, social e económico ou ben convidar aos asistentes a ficar alerta ante outras moitas adversidades análogas, externas ou internas, que lles poden agardar no camiño?

- Por suposto que a cultura, a galega e todas as demais, sobrevivirán a esta pandemia como xa sobreviviron a outras pandemias, guerras ou catástrofes moito máis grandes. A cultura humana rematará co remate da especie, e quizais isto último sexa máis ben do que nos teñamos que preocupar. *32m2* foi un proxecto que naceu da nosa propia reflexión tanto a nivel empresarial como persoal coa experiencia do confinamento. No eido empresarial decatámonos que a nosa compañía estaba nun lugar de precariedade insostible nunha situación de crise e tentamos reverter esa enerxía. Con respecto ao persoal e creativo tentamos aportar o noso gran de area ás persoas que se achegaran ao teatro no senso de facerlles ver que non estaban soas nas emocións sentidas, nas estupideces cometidas, ou na dor soportada. Tentamos poder rir de nós mesmas para ir alén, pero permitir tamén o pranto, porque todo isto témolo aínda que chorar moito.

- Semella que en boa medida pola nosa mala cabeza (toda esta febre por quitarnos canto antes de enriba as restricións mesmo as máis básicas), non nos imos librar tan fácil da COVID. Todo o relacionado co situación sanitaria tivo o seu reflexo, loxicamente, no panorama literario. Como percibes ti estes cambios? Haberá un antes e un despois? A pandemia cambiou a túa óptica e o teu xeito de escribir e crear?

- Creo que hai un reflexo no que ten que ver con propostas concretas, pero

“A cultura sobrevivirá a esta pandemia como xa sobreviviu a outras pandemias, guerras ou catástrofes moito máis grandes”



►► A peza, a pesar de gañar o premio na modalidade de adultos, está escrita para público familiar. Os bonecos son un territorio escénico da rúa, onde todos estamos presentes por igual



a nivel xeral, penso que polo de agora non hai unha afectación. Tentamos todos aferrarnos a que isto vai ser algo pasaxeiro. Supoño que inconscientemente esta idea nos axuda a vivir. É moi duro pensar que non nos imos poder tocar coma antes nunca máis. Cada vez que abrazo a unha persoa decátome de canto me faltaron as apertas este tempo. Aínda que por suposto, para unha teatreira coma min que fai moita creación colectiva, con intérpretes, sesións en grupo, etc, isto veuse diminuído. Pero xa estou desexando volver a rutinas anteriores.

- **Que significa para ti ter recibido o Premio Barriga Verde (XIV edición) de textos para teatro de monicreques, na súa modalidade para adultos, pola obra *República Sideral*?**

- Pois foi unha nova moi fermosa, porque ademais era a miña primeira obra deseñada para bonecos, e penso que o premio me anima a botarlle o dente a un tipo de literatura (a feita para bonecos) que ademais tamén abrazaron moitos dos meus clásicos veciños.

- **A túa peza *República Sideral* recrea un episodio do que moitos de nós non escoitamos falar, malia vivir moi preto do escenario onde se orixinou o episodio en cuestión. Estamos a falar da declaración da República Federal Independente da Illa de Arousa, durante unhas horas, entre 7 e o 8 de outubro de 1934. Con este interesante punto de partida, que non sabemos moi ben se foi real ou argalláchelo ti, que quixeches contar?**

- Quixen rescatar este feito acontecido tan preto da miña casa (e na práctica anecdótico) porque me parece que fai paralelismos moi interesantes co noso presente. Moitas veces, podemos ler o futuro no pasado, e por iso quixen rescatar esta anécdota xusto agora.

- **Cres que o teatro de monicreques pode ser un formato axeitado para contar historias para público adulto e facelo reflexionar ao tempo que se diverte?**

- A peza, a pesar de gañar o premio na modalidade de adultos, está escrita para público familiar. Os bonecos son un territorio escénico da rúa, onde todos estamos presentes por igual. E a idea é reflexionar, divertirse, e aprender en familia sobre cousas que non sempre son tan agradables na realidade como no conto.

- **Na túa terra, en Rianxo, tendes un festival sobre monicreques que é un referente galego e internacional, o Festival Titiriberia. Cando cres que poderemos ver representada a *República Sideral* neste certame sobranceiro?**

- Pois mira, este mesmo ano, na gala do día 23, na actividade *Varietés do Barriga Verde*, poderá verse un anaquíño. E estarei feliz se se pode ver completo pronto tamén nel, estamos traballando nisto e ata aquí podo ler.

- **Que proxectos tes entre mans neste intre, podes adiantarnos algún detalle?**

- Pois agora mesmo estou rematando o meu texto *Supernormais*, escrito durante a miña residencia creativa no Centro Dramático Nacional. O proxecto vaise estreir en marzo de 2022 polo propio CDN con dirección de Iñaki Rikarte, e estarei nese proceso. Temos tamén algo de xira con *Despois das ondas* coa nosa compañía (miña e de Xavier Castiñeira) ButacaZero e estarei como actriz na xira de *Feminissimas* de De Ste Xeito. Polo demais, Xavier e eu andamos na procura de proxecto novo. Ás veces compre parar un pouco, para poder pensar. Así que animo ás lectoras e lectores a dar ideas! Hahahah

► **Agora mesmo estou rematando o meu texto *Supernormais*, escrito durante a miña residencia creativa no Centro Dramático Nacional. O proxecto vaise estreir en marzo de 2022**

- **Procedes dunha terra marcada polo pulo literario, Rianxo. Consideras que este pulo segue presente? Hai canteira?**

- **Si: definitivamente: si. Moita canteira.** En Rianxo levantas unha pedra e aparece unha poeta. Levantas outra e aparece un novelista. Non vou dar nomes porque sería longo e ademais pouco elegante pola miña parte escoller entre toda a cantidade de personalidades literarias vivas que ten a miña vila e das que eu por (moi alta que sexa) non son máis que un pequeno exemplo, e nin por asomo o máis destacado.

Chega a Rianxo a Feira do Libro 2021

A Feira do Libro Rianxo 2021 manterá abertas as súas portas dende o xoves 22 ata o domingo 25 de xullo. A actividade desenvolverase no Campo de Arriba.

O xoves 22 terá lugar o acto de inauguración da man de Montse Fajardo ás 13 horas, para despois levar a cabo a sinatura de diferentes obras da man de Montse Fajardo (*A vida incerta*), Arantza Portabales (*A vida secreta de Úrsula Bas*) e José Carou Rey (*Hemisferio auga*).

Os seguintes días tamén se realizarán actos de sinaturas das obras de diferentes autores. O venres, Fon asina *Gazafellos*, Denis Maza

La mística de un grano de arena, Patricia Torrado *Don Carlos e o misterio dos Lucecús*, e Lois Oreiro *Os mundos de agora*. O sábado Maite Mosconi asinará *Gaedheal; Libro I de las invasiones e Sangre e ceniza: Relatos de Gaedheal*, Xosé A. Perozo *O libro das avoas*, Miguel Ángel Otero *Para llegar a ti* e Helena Villar Janeiro *Alba e a Fuga de Guillermo*.

Para cerrar a semana da Feira do Libro 2021, acudirán á actividade Juan Galán, Rena Ortega, Rober H.L. Cagiao e Ramón Torrado, a asinar *A Romanza de los naranjos en flor*, *Bo camiño, peregrino!*, *Cuadernos Azabache* e *Torino*, respectivamente.

Andy da Fonte presenta na Pobra *Memorias dunha estrela sen luz*

O teatro cine Elma da Pobra acolleu o pasado 25 de xuño a presentación do libro *Memorias dunha estrela sen luz*, da poeta local Andy da Fonte. Trátase dun libro onde “se mestura a luz e a escuridade”, tal e como expuxo a propia autora, que asegurou “que son os protagonistas principais”, ademais da forte presenza que ten o elemento da auga, o cal constátase xa na propia portada da obra. Unha peza onde as tres dedicatorias (todas elas a unha das avoas da poeta) estruturan o texto onde

conflúen moitas liñas narrativas.

O acto veu da man do Concello da Pobra, representado pola concelleira Patricia Lojo, e a Asociación Cultural Barbantia, representada por Manuel Cartea e Jesús Laíño, que puxeron o foco “no peso da poesía na literatura e na sociedade”, ademais de facer fincapé no “conxunto de poetas extraordinarios que temos no Barbanza”. O acto tamén contou con varias intervencións musicais a cargo de Mallou, conformado por Sabela King e Benjamín Vázquez.



EDITA:
GRUPO CÓDIGO CERO
COMUNICACIÓN S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º G
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.: 981 530 268 - 608 240 160

DIRECTOR:
Joferpa
director@obarbanza.gal
WEBMASTER:
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com

REDACCIÓN:
Fernando Sarasketa
Sonia Pena
Sandra Rivadulla

Pedro Pérez
redaccion@obarbanza.gal
MAQUETACIÓN E DESEÑO:
Óscar Louzán
FOTOGRAFÍA:
Beatriz Martínez del Campo y Ricoy
Joferpa
Antonio Parada
Abelardo Soler - Abso

PUBLICIDADE:
publicidade@obarbanza.gal
CORREO DO LECTOR:
lectores@obarbanza.gal
A NOSA WEB
www.obarbanza.gal



IMPRIME:
TAMEIGA, S.L.
Número 24 (Xullo 2021)
Publicación periódica.
Prezo: 1,50 €
Depósito Legal: C 668-2019
I.S.S.N.: 2659-8256





The advertisement features a product shot of IberCook spring rolls. A box of 'Rollitos de Primavera con Verduras' (Spring Rolls with Vegetables) is shown, highlighting it contains 6 units and provides cooking instructions (10 min in a pan, 5 min in a microwave). The box lists ingredients: onion, carrot, and cabbage. In the foreground, two plates are shown: a white one with two rolls and a red one with three. A 'FUN FOOD' sticker is placed on the red plate. The background includes wooden chopsticks and a bowl of fresh herbs.

iber[®] cook

DIPEA SIN LÍMITES !!
SAFE, LIGHT, SEM LIMITE

6 UDS.

10 MIN
5 MIN

CON SALSA
WITH SAUCE - COM MOLHO

— ROLLITOS DE PRIMAVERA —
— CON VERDURAS —
NEMS DE PRINTEMPS — ROLINHOS DE PRIMAVERA

CEBOLLA
ONION — CEBOLA

ZANAHORIA
CARROT — CENOURA

REPOLLO
CABBAGE — REPOLHO

iber[®] cook

— ROLLITOS DE PRIMAVERA —
— CON VERDURAS —
NEMS DE PRINTEMPS — ROLINHOS DE PRIMAVERA

iber[®] cook

FUN FOOD

— ENCUENTRANOS EN TU SUPERMERCADO —

DESCUBRE LA NUEVA FORMA
DE COMER SANO **EN CASA**

UNA MARCA DE **CONGALSA**